XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# PLAN DE CONVIVENCIA

## xaneiro 2024

**CEIP Plurilingüe**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
**A CORUÑA**

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

**ÍNDICE**

1. Introdución.
2. Normativa
3. Análise da situación. Diagnóstico da convivencia.
    3.1. Características do centro e do seu contorno.
    3.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.
    3.3. Participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias…
    1.4. Conflitividade detectada no centro.
    1.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.
4. Obxectivos do plan de convivencia.
    4.1. Obxectivos xerais
    4.2. Obxectivos específicos.
5. Principios, actuacións e medidas para favorecer a convivencia.
    5.1. Principios que sustentan a convivencia.
        5.1.1. A educación nos dereitos humanos
        5.1.2. Aproximación á educación para a paz
        5.1.3. Unha visión positiva do conflito
        5.1.4. Considerar o conflito como un proceso.
        5.1.5. A disciplina positiva.
        5.1.6. A participación
        5.1.7. O cultivo dos valores
        5.1.8. Aprender a vivir cos demais.
        5.1.9. Facilitar experiencias e vivencias
        5.1.10. Educación pro social e para a convivencia.
    5.2. Modelo de xestión da convivencia.
    5.3. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.
        5.3.1. De ámbito relacional
        5.3.2. Medidas de ámbito curricular.
        5.3.3. De ámbito organizativo.
        5.3.4. Outros recursos para favorecer a convivencia.
        5.3.5. Prevención e actuacións ante a disrupción.

6. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

6.1. Criterios Diagnósticos
6.2. Protocolo de Actuación.
6.3. Fases
6.4. Anexos das diferentes fases.

7. Concreción das medidas, programas, persoas/órganos responsables, persoas destinatarias e procedementos.

7.1. Programa
7.2. Medidas de Concreción
7.3. Procedemento

8. Normas de convivencia do centro.

8.1. Lexislación básica.
8.2. Obxecto e ámbito de aplicación.
8.3. Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa.
8.4. ENAPAS.

9. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan.

9.1. Tipificación de condutas.
9.2. Condutas leves contrarias á convivencia.
9.2.1. Medidas correctoras e persoal competente para a súa aplicación.
9.2.2. Prescrición das condutas leves.
9.2.3. Mediación escolar.
9.2.4. Resolución
9.2.5. Prescrición de medidas correctoras

9.3. Condutas graves contrarias á convivencia.
9.3.1. Medidas correctoras.
9.3.2. Imposición de medidas correctoras.
9.3.4. Procedementos.

10. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia.

10.1. Composición
10.2. Funcións
10.3. Réxime de funcionamento

11. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

12. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

13. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

14. Anexos e fichas

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## 1. Introdución.

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia.

A elaboración do plan de convivencia suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa conveniente que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## 2. Normativa.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño
- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade
- Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación desenvolveu polo miúdo os principios de convivencia e inclusión que trasladou o citado decreto.

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## 3. Análise da situación. Diagnóstico previo da convivencia no centro.

### 3.1. Características do centro e do seu contorno.

#### 3.1.1. Datos do centro que inflúen na diagnose de convivencia:

- Xeograficamente.

O CEIP Plurilingüe "W.FERNÁNDEZ FLÓREZ" atópase no extremo sur do barrio Os Mallos-Estación, lindando coa segunda fase do Polígono de Elviña.

Acolle alumnos/as dos barrios Estación, Mallos e Sardiñeira, e a 2ª fase de Elviña.

- Perfil demográfico.

O barrio xa formado anos atrás, cos últimos edificios construídos nos antigos cuarteis da Granxa, ao remate da Avda. do Ferrocarril, onde se atopa o colexio, preto do barrio das Lonzas.

Ao non ter colexios nin públicos, privados ou concertados na zona de influencia, fai que o noso centro estea masificado.

- Proximidade dos domicilios dos alumnos

Practicamente todos os alumnos viven no barrio no que está situado o Colexio, a maioría nas rúas máis próximas ó Centro. A maioría dos alumnos acoden ao Centro, andando ou no automóbil familiar, xa que o colexio carece de transporte escolar.

- Lingua e procedencia familiar.

A lingua maioritaria das casas deste barrio é o castelán, polo que a inmensa maioría dos nenos son castelán falantes maioritariamente.

- Situación económico-laboral.

Cal é o nivel de estudos das/os nais/pais/titores legais?




Cantas/os das/os titoras/es legais traballan na actualidade?




Foille concedida algunha axuda (cheque material escolar / bolsa comedor)?




A maioría das familias se implican no grao de calidade do ensino impartido no centro; o proba o feito de que existe unha amplía oferta de actividades extraescolares para o alumnado, o que da lugar a un maior aproveitamento para a utilización dos espazos dispoñibles.

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

- Proximidade ou lonxanía dos centros de traballo.

No barrio da Estación non existen fábricas nin establecementos laborais en abundancia. A xente do barrio ten que desprazarse unha ou varias veces ó día ós seus centros de traballo a outras zonas da cidade.

- Arraigo e costumes.

O nivel de arraigo dos poboadores do barrio é alto, están moi enraizados no lugar onde viven e son partícipes en tódolos actos que hai a na cidade. Gustan de manter costumes e festas.

Non obstante este nivel de arraigo, non existen no barrio demasiadas manifestacións culturais, polo que hai baixa taxa de participación nas mesmas.

- Servizos culturais.

Dentro do barrio encontrámonos con suficientes centros educativos, pero con escasa presenza de servizos culturais.

**3.1.2. Tipoloxía do centro.**

Dentro deste apartado describimos o Centro e damos uns cantos datos cualitativos e cuantitativos sobre o mesmo, co fin de coñece-la súa tipoloxía, o que nos da referencia –polos datos cuantitativos– de que se trata dun centro de educación infantil e primaria de tipo medio.

O “CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez” é un colexio público e, polo tanto, está baixo a titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

- Dependencias do centro.

**EDIFICIO PRIMARIA:**

***PLANTA SOTO***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Escaleira 1 | Almacén 3 |
| Escaleira 2 | Almacén Ximnasio |
| Hall 1 | Paso 1 |
| Hall 2 | Paso 2 |
| Auxiliar(Almacén | Paso 3 |
| Sala Caldeira | Aseo nenos |
| ANPA | Aseo nenas |
| Almacén 1 | C.Contadores elec. |
| Almacén 2 | |

***PLANTA BAIXA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Zaguán 1 | Aseo nenas |
| Zaguán 2 | Almacén limpeza |
| Cortaventos 1 | Aseo Profesores |
| Cortaventos 2 | Hall comedor |
| Porche cuberto 2 | Office |
| Escaleira 1 | Comedor 1 |
| Hall E.1 | Comedor 2 |
| Escaleira 2 | Sala de profesores |
| Hall E.2 | Biblioteca |
| Paso 1 | Administración/ Secretaria/XE |
| Conserxería | Dirección |
| Aula Informática Infantil | A.Taller Infantil |
| Aseo nenos | Aula 5 anos A |
| | Aula 5 anos B |

***PLANTA PRIMEIRA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Paso | Aula |
| Escaleira 1 | Aula |
| Hall E.1 | Aula |
| Escaleira 2 | Aula |
| Hall E.2 | Aula |
| Aula de Música | Titoría. |
| Aula Apoio PT | Aula Inglés |
| Aula | Aseo alumnos 1 |
| Aseo alumnas 1 | Aseo profesores 2 |
| C.Limpeza | Aula Apoio AL |
| Titoría. Aula Apoio PT2 | |

***PLANTA SEGUNDA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Paso | Aula |
| Escaleira 1 | Aula |
| Hall E.1 | Aula |
| Escaleira 2 | Aula |
| Hall E.2 | Aula |
| Aula 5A | Aula de convivencia. |
| Despacho Ed.Física | Aula Informática |
| Aula 3B | Aseo alumnos 2 |
| Aseo alumnas 2 | Aseo profesores |
| C.Limpeza | Orientación |
| Titoría. Aula Apoio AL | |

***PLANTA BAIXO CUBERTA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Escaleira 1 | Almacén 3 |
| Hall E.1 | Almacén 4 |
| Escaleira 2 | Ximnasio |
| Hall E.2 | Paso 2 |
| Paso 1 | Aseo adaptado |
| Almacén 1 | Salón de Actos |
| Almacén 2 | |

**EDIFICIO DE INFANTIL:**

***PLANTA BAIXA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Escaleira 3 | Caldeira |
| Hall 1 | Depósito |
| Paso 1 | Aula Infantil |
| Hall 2 | Aseo I. Aula |
| Paso 2 | Aula Infantil |
| Titoría 1 | Aseo I. Aula |
| Aseo Mestras | |

***PLANTA PRIMEIRA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Paso 3 | Aula Infantil |
| Paso 4 | Aseo I. Aula |
| Paso 5 | Aula Infantil |
| Hall | Aseo I. Aula |
| Titoría | |

***PLANTA SEGUNDA***

| LOCAIS | |
|---|---|
| Paso 6 | Aseos |
| Hall 1 | Ximnasio Infantil |
| Hall 2 | |

Os espazos comúns de recreo están formados por unha pista polideportiva con gradas e un patio cuberto e descuberto de Infantil. O total da superficie útil do edificio por planta é de 450 m2, sendo o total de superficie construída de 600 m2 .

- Datos cualitativos do "CEIP Wenceslao Fernández Flórez"

O CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ, que leva por nome o dun famoso escritor e periodista nacido en Coruña. Inagurouse no ano 1985por el presidente de la Xunta de Galicia, o Excmo. Sr. D. Xerardo Fernández Albor.

Modelo de xornada escolar: sesión única de mañá

| **CADRO HORARIO LECTIVO e de ACTIVIDADES.** | **Entrada/Saída** |
|---|---|
| Etapa de Educación Infantil | 09.00 - 14.00h |
| Etapa de Educación Primaria | 09.00 - 14.00h |
| Madrugadores | 7.30- 9.00h |
| COMEDOR | 13.50 - 16.00h |
| Actividades Extraescolares<br>(de outubro a maio, de luns a venres) | 16.00 - 18.00h |
| Tardes de Biblioteca<br>(de outubro a maio, de martes a venres) | 16.00 - 18.00h |

Ofertas educativas do centro e participación do centro en programas educativos da Consellería:

-Plurilingüísmo
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares
- E-dixgal.
- Relixión/Proxecto Competenciais.
- Actividades complementarias e extraescolares (ANPA).
- Servizo de madrugadores e comedor escolar (ANPA).

| CATÁLOGO DE CENTROS (DOG 04/07/2008) - ORDE do 18 de xuño de 2008 | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SEGUNDO CATÁLOGO | UNIDADES | | | POSTOS DE TRABALLO DO PROFESORADO | | | | | | | | | | |
| | INF | PRIM | TOT | EI | EP | FI | FF | EM | EF | PT | AL | DO | Rx | TOTAL |
| | 6 | 12 | 18 | 8 | 11 | 2 | 1 | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 29 |

O número de alumnado total do centro oscila entre os 430 e 450 alumnos/as dependendo do curso. A maior parte vive no entorno do centro. Temos unha porcentaxe cada vez maior de alumnado estranxeiro que normalmente se vai incorporando ao longo do curso.

Do mesmo xeito vaise incrementando o alumnado con NEE e NEAE, o que nos obriga a solicitar cada vez máis, recursos á Consellería para a súa atención, recursos que non sempre son suficientes.

Unidades en funcionamento dende o curso 19-20: 6 de E.I. e 13 de E.P.

- Datos cuantitativos

| | |
|---|---|
| Número de alumnado por aula: Ratio aprox de 24/25 | |
| Porcentaxe de membros por unidade familias: | 04 (45,4%) |
| Utilizan o servizo de comedor: | 150 |
| Utilizan o servizo de madrugadores: | 41 |
| Numero de actividades extraescolares que se desenvolven | 16 |
| Numero de alumnado participante en actividades extraescolares | 60 |
| Persoal non docente: 1 conserxe/1 Aux. Administrativa/2 coidadoras | |
| Dispón de ascensor para o acceso ás plantas superiores. | |

## 3.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

Non hai aspectos que poidan influír decisivamente na convivencia no centro. Sí podemos citar como circunstancias que determinan unha forma de actuar os seguintes:

- A distribución física das aulas do centro en dous edificios que provoca un desprazamento constante de alumnado de infantil e profesorado.
- A estrutura física do edificio de primaria, con dúas entradas principais das que se usa unha e a outra é exclusivamente para servizo de comedor. A entrada do alumnado polo patio de recreo que obriga a subir ao alumnado de 4º a 6º tres pisos para acceder ás súas aulas, e dous pisos para o alumnado máis pequeno.
- A situación da sala de usos múltiples e o ximnasio no último andar, co conseguinte desprazamento constante de alumnado cada vez que van a clase de Educación Física ou a algunha actividade.

- Carencia de outros espazos para o alumnado que non sexa o patio e do profesorado (sala de profesorado).

- Aulas Dixitais, Música e Inglés que obrigan tamén a desprazamentos constantes do alumnado.

### 3.3. Participación na vida do centro.

Cabe subliñar que este é un centro moi dinámico coa implicación do profesorado para a realización de todo tipo de actividades; que as relacións coa ANPA son correctas de boa colaboración; que o alumnado está motivado e afeito a realizar todo tipo de actividades e que as actividades propostas son moi numerosas ao longo do curso escolar. Isto implica, necesariamente, máis desprazamentos polos corredores e intercambio de espazos de ensino- aprendizaxe.

A relación coas familias, agás casos puntuais que non son significativos, é moi boa e se desenvolve en canles de respecto e colaboración..

O centro mantén tamén moi boa relación con todas as institucións coas que se pon en contacto.

### 3.4. Conflitividade detectada no centro.

A conflitividade no centro é escasa e redúcese a pequenas infraccións e faltas leves que son corrixidas polo profesorado, xefatura de estudos e/ou dirección. Trimestralmente e de xeito ordinario reúnese a Comisión de Convivencia para informar das situación acontecidas.

Tal como se recolle no artigo 6 do Decreto 8/2015, en cada centro educativo créase unha comisión de convivencia, no seo do consello escolar.

A comisión de convivencia será a encargada de traballar esta sensibilización e da súa divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

As normas de funcionamento da mesma cumprirán co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas función por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro, segundo o establecido no artigo 6.2 do citado decreto.

### 3.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Normalmente, as situacións de conflito non trascenden o ambiente da aula. É dentro dela onde se resolven, en sesións de titoría, estas cuestións. Cando a situación o require, é a xefatura de estudos/dirección do centro quen asume as competencias nese caso e establece unha sanción disciplinaria pertinente.

Dado que as situacións de conflito que se nos poden presentar, ou que se nos presentaron ata agora, non pasan de ser consideradas, na súa maior parte como "leves", son facilmente solucionables. A curta idade do noso alumnado facilita que a convivencia e os problemas que dela se derivan non sexan relevantes case nunca.

Aínda así, temos posta en marcha un aula de convivencia na que se traballan aspectos relacionados coa convivencia entre o alumnado. O feito de que fora usada unha vez neste curso indica a baixa conflitividade do centro.

Non temos tampouco conflito no que se refire ao acoso escolar ou discriminación. No caso de aparecer algunha conduta contraria á convivencia nestes aspectos, seguirase o protocolo establecido pola Consellería de Educación.

## 4. Obxectivos do plan de convivencia.

Na Comunidade Autónoma galega, os obxectivos xerais do plan de convivencia, aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e relaciónanse cos fins e principios regulados no artigo 3 da Lei 4/2011,

### 4.1.- Obxectivos xerais:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora do rendemento nos centros.
- Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que puidesen exporse no Centro, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Fomentar a convivencia no Centro.
- Previr o acoso entre iguais.
- Fomentar a convivencia entre os membros da Comunidade Educativa.
- Formar aos alumnos/as na convivencia.

### 4.2. Obxectivos específicos.

- Traballar pola xustiza dun modo non violento como estratexia de resolución de conflitos.
- Recoñecemento da responsabilidade coa falta e o compromiso de non volver a reincidir.
- Establecemento de relacións sociais positivas, de cooperación baseada no ben de todos/as.
- Vivir asumindo o compromiso con un mesmo e cos demais.
- Recoñecemento dos dereitos individuais de cada persoa.
- Atender e coidar o plano emocional e afectivo das persoas.
- A reacción cara ás persoas e as cousas debe ser amigable en lugar de hostil.
- Ter desexos de mellora respecto de nós mesmos/as e aos demais.
- Ter control sobre un mesmo.
- Aprender a vivir confiando nun mesmo e nos demais.
- Ter e manter un interese profundo por algo ou alguén.
- Potenciar a imaxinación como estratexia fundamental de resolución de conflitos.

- Estar aberto aos cambios e adecuarse á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades das persoas.
- Aprender a vivir os conflitos con calma, recoñecendo a súa natureza, e non deixándonos levar pola ira.
- Fomentar a igualdade entre homes e mulleres.
- Formar aos alumnos/as no respecto á dignidade persoal, na tolerancia, na non discriminación e no exercicio da liberdade responsable.
- Prever o acoso entre iguais.
- Protexer ao alumno/a contra a agresión física e moral. Dar resposta inmediata ao acoso e intimidación entre iguais en canto á súa prevención, tratamento e erradicación.
- Sensibilizar a todos os membros da comunidade educativa sobre os temas de alteración do comportamento e de acoso ou intimidación.

## 5. Principios, actuacións e medidas para favorecer a convivencia.

O plan de convivencia, terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no artigo 3 da Lei 4/2011.

### 5.1. Principios que sustentan a convivencia.

O Plan de Convivencia susténtase nun conxunto de valores asumidos por todos os membros da comunidade educativa que se converten en principios reitores do modelo propio de xestión da convivencia no centro.

Estes valores facilitan a construción dun compromiso compartido e constitúen o referente para guiar e valorar os comportamentos cotiáns, orientando tanto as actuacións de promoción da convivencia como as de carácter disciplinario que garanten o respecto dos dereitos e o cumprimento das obrigas de todos.

Para establecer os principios que sustentan o Plan de Convivencia, o noso centro educativo baséase na Declaración Universal de Dereitos Humanos, os Estatutos Europeos de Centros Educativos Democráticos sen violencia e os principios que inspiran as accións de educación para a paz.

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes
- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes,
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia

#### 5.1.1. A educación nos dereitos humanos

Falar da dignidade do home é falar do respecto dos dereitos humanos. Cando ese respecto é unha realidade, a convivencia é pacífica e satisfactoria.

Partindo desta premisa, esforzarémonos en contribuír á consecución dos seguintes principios na vida escolar:

Todos os membros da comunidade educativa

- Somos libres e iguais no centro educativo
- Ninguén será sometido a maltrato nin trato denigrante no colexio.
- Traballaremos e xuntaremos esforzos para garantir unha educación que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos, ao fortalecemento do respecto aos dereitos e liberdades de todos, á comprensión, tolerancia e amizade entre nós e ao mantemento da paz no centro educativo.

Debemos

- Comportarnos fraternalmente uns cos outros.
- Cumprir as nosas obrigas respecto á comunidade escolar. O cumprimento dos deberes así como o exercicio dos nosos dereitos e o goce das liberdades estarán garantidos polas normas do centro, así como tamén a satisfacción das xustas esixencias da moral e a orde e o adecuado clima que permita e favoreza o estudio e faga posible o benestar xeral na nosa escola.

Somos iguais:

- En dignidade e dereitos. Non se fará distinción ningunha entre nós en relación á aplicación do establecido nas nosas normas e plan de convivencia.
- No cumprimento das normas que nos son de aplicación e no beneficio de protección que estas normas nos ofrecen. Todos temos igual dereito a amparo contra calquera discriminación que infrinxa esta declaración.

Temos dereito

- Á liberdade e á seguridade no centro educativo. Garantilas é responsabilidade dos membros da comunidade educativa, no ámbito das súas competencias e responsabilidades.
- A un recurso efectivo ante os membros da comunidade educativa con competencias na materia para o amparo fronte a actos que violen os nosos dereitos. É responsabilidade de todos colaborar para que calquera persoa nesta situación poida conseguir a protección que necesita.
- A non ser arbitrariamente sancionado.
- En condicións de plena igualdade, a ser oídos no colexio por quen corresponda para a

determinación dos nosos dereitos e obrigas ou para o exame de calquera acusación contra nós.

- Á presunción de inocencia mentres no se probe a falta, asegurando tódalas garantías necesarias.
- A non ser obxecto de inxerencias arbitrarias na vida privada nin de ataques a nosa honra ou reputación, así como á protección contra tales inxerencias ou ataques. Garantirase a confidencialidade dos datos persoais e familiares dos membros da comunidade educativa. Aqueles que accedan a eles no exercicio das súas funcións,quedarán suxeitos ao deber de sixilo.
- A non sufrir roubo ou deterioro das nosas pertenzas. Todos os membros da comunidade educativa deben colaborar a garantir que isto sexa así.
- Á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
- Á liberdade de opinión e de expresión, coas limitacións do respecto aos demais.
- Á liberdade de reunión e de asociación pacíficas no centro conforme á normativa de pertinente aplicación.
- A participar no goberno do colexio a través do Claustro e Consello Escolar. O equipo directivo tomará as medidas necesarias para facilitar e facer efectivo o exercicio dese dereito.
- A participar na vida cultural do colexio, achegando a nosa contribución ao seu desenvolvemento.

O límite dos nosos dereitos está nas nosas obrigas con nós mesmos e cos membros da comunidade educativa.

### 5.1.2. Aproximación á educación para a paz

A paz é algo procesual e activo. É a consecuencia de atender aos conflitos axeitadamente, garantindo que se resolvan de forma non violenta e con xustiza e esixe unha estratexia de intervención que coide a reparación dos danos, propicie a reconciliación e garanta a súa solución.

No noso centro temos o convencemento de que os valores que guían a mellora da convivencia promoven e potencian a cultura da paz. Segundo as Nacións Unidas (1998, Resolución A/52/13) “a cultura da paz consiste nunha serie de valores, actitudes e comportamentos que rexeitan la violencia e preveñen os conflitos tratando de atacar as súas causas para solucionar os problemas mediante o diálogo e a negociación entre as persoas, os grupos e as nacións". Tomando como referente esta definición, consideramos que as iniciativas e propostas do noso plan deben recoller:

### 5.1.3. Unha visión positiva do conflito

Os conflitos forman parte das nosas relacións cotiás e, segundo a forma de asumilos, poden xerar camiños de entendemento que leven ao crecemento persoal e social ou, pola contra, novos problemas que danen as persoas implicadas directa ou indirectamente nel.

Trátase entón de adoptar unha visión positiva do conflito e aproveitar o seu valor educativo,

ofrecendo ferramentas e pautas de actuación e contribuíndo ao desenvolvemento de habilidades e estratexias que axuden aos membros da comunidade educativa a afrontalo e atopar formas positivas de resolvelo a través da comunicación, a negociación e o diálogo, sen deixar que desemboque en situacións de violencia ou malestar.

### 5.1.4. Considerar o conflito como un proceso.

O conflito é un proceso que ten a súa orixe nas necesidades e intereses persoais non satisfeitos ao chocar coas de outros individuos ou ao non conseguir unhas relacións cooperativas ou sinérxicas que as satisfagan.

Os problemas que se presentan na vida diaria e non se afrontan e resolven conducen a situacións de crise ou confrontación que adoitan ter unha manifestación violenta, sendo esta a que frecuentemente se identifica como conflito.

Identificar crise con conflito condúcenos ás seguintes situacións:

- Fai que pospoñamos ao momento de confrontación a abordaxe do conflito, o que dificulta a súa resolución.
- Implica que non se consideren as situacións de conflito que non xeran violencia.
- Pode levarnos a caer no erro de tratar solo as consecuencias non explorando as causas.
- O proceso de resolución do conflito pode quedar reducido a unha acción concreta e puntual.

### 5.1.5. A disciplina positiva.

O axeitado desenvolvemento do proceso educativo precisa da disciplina positiva que se fundamenta en normas consensuadas e claras elaboradas conxuntamente que potencien a autonomía, a responsabilidade e a capacidade de cambio e mellora da comunidade educativa.

### 5.1.6. A participación

A existencia de canles de participación real de todos os estamentos do centro e en especial do alumnado, potencia o sentimento de pertenza ao grupo e mellora o clima e a convivencia.

### 5.1.7. O cultivo dos valores

"Educar para a paz supón cultivar nos alumnos valores como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, o desenvolvemento da autonomía persoal e a toma de decisións, etc., cuestionando ao mesmo tempo os valores antitéticos á cultura da paz, como son a discriminación, a intolerancia, o etnocentrismo, a obediencia cega, a indiferenza, a insolidariedade, o conformismo, etc." (Transversais. Educación para a paz, M.E.C., 1992).

Para convivir de forma positiva é necesario que o alumno desenvolva un sistema de valores que sustentarán as accións, decisións e opcións da súa vida. Dende a escola contribuiremos á súa

formación traballando a educación en valores.

**5.1.8. Aprender a vivir cos demais.**

"A educación da paz hai que concibila como un proceso de desenvolvemento da personalidade, continuo e permanente, inspirado nunha forma positiva de aprender a vivir consigo mesmo e cos demais na non violencia e na creación de ámbitos de xustiza, de respecto e de harmonía". (González Lucini, F., 1993).

**5.1.9. Facilitar experiencias e vivencias**

"Educar para a paz esixe facilitar aos alumnos a experiencia e vivencia da paz no ámbito escolar. Para iso débense potenciar unhas relacións de paz entre todos os que forman a comunidade educativa. A organización democrática da aula, segundo a capacidade dos alumnos e da participación destes no proceso escolar, facilita a resolución non violenta dos conflitos; debe propiciarse un clima que xere actitudes de confianza, seguridade e apoio mutuo, de igualdade, xustiza, solidariedade e liberdade". (González Lucini, F., 1993).

A aprendizaxe da cultura da paz esixe vivir conforme aos principios que queremos que o alumno interiorice. Sabemos que a convivencia depende en boa medida da existencia dun ámbito favorecedor e pretendemos que o noso colexio sexa un lugar no que vivamos e traballemos xuntos avanzando no desenvolvemento e afianzamento das relacións positivas.

**5.1.10. Educación pro social e para a convivencia.**

A educación para a paz nun sentido amplo, debe facerse dende:

- A contribución ao adecuado desenvolvemento afectivo, emocional e social dos alumnos.
- O desenvolvemento da afectividade e da empatía que nos fai conscientes das consecuencias para os demais das nosas accións e actitudes.
- A educación na tolerancia.
- A convivencia co respecto as normas e os límites establecidos e o control de impulsos.
- A educación sustentada nos valores de convivencia e cidadanía democrática.Tomar conciencia do que é bo e do que inaceptable, buscando un equilibrio entre a esixencia dos dereitos e o cumprimento dos deberes.
- A formación na inclusión e no respecto, tolerancia e aprecio á diversidade por razóns sociais, culturais ou persoais.
- A educación na reflexión e o diálogo como forma de resolver os problemas, preguntando e preguntándose, sen impoñer o criterio propio.
- A educación para ser dúctiles, ter capacidade de autocrítica e saber perdoar.
- Non ter reparos en mostrar os sentimentos, en admitir os problemas, o sufrimento, as frustracións e as limitacións propias e en ser sinceros cun mesmo e cos demais.
- Aprender a sorrir, a cultivar a amabilidade e o sentido do humor que mellora o día a día do grupo.

- Estar disposto para axudar, coidar e apoiar aos demais; ser altruístas e solidarios.
- Confiar en nós mesmos e asumir responsabilidades aprendendo a aceptar as consecuencias dos nosos actos ou inhibicións.

## 5.2. Modelo de xestión da convivencia.

No noso centro apostamos por un modelo de xestión democrático da convivencia relacional e integrado que caracterízase por:

- A resolución do conflito a través do diálogo entre as partes. Para iso haberá que ter en conta:
  - Reparación. A vítima recibirá unha reparación directa material e/ou moral.
  - Reconciliación. Dedica atención á mellora da relación entre as partes. O diálogo é unha ferramenta básica neste modelo.
  - Resolución. Plantexa un diálogo sincero para que os conflitos subxacente poidan ser escoitados e, polo tanto, atendidos e resoltos na procura do acordo.
- Preténdese resolver o conflito transcendendo o acto privado. Por esta razón, este modelo legalizarase dende unha perspectiva de centro, quedando recollido nos seus documentos.
- Un sistema de normas (do centro, aula,...) elaboradas participativamente de modo que poidan ser interpretadas polos seus usuarios como un pacto de convivencia.
- Funcionamento no centro de estruturas que potencian o diálogo:
  - Mediación.
  - Asembleas de aula.
  - Lugar para o acordo
  - …

Precísase "un marco protector do conflito", que supón un traballo educativo sobre algúns elementos que afectan aos comportamentos inadecuados e aos conflitos de disciplina: favorecer a colaboración das familias co centro educativo, revisar o clima e as interaccións da aula, deseñar e desenvolver medidas organizativas directamente relacionadas coa mellora da convivencia, etc.

## 5.3. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

### 5.3.1. De ámbito relacional

5.3.1.1. As boas maneiras nas relacións.

As boas relacións interpersoais están presididas polo respecto, a comprensión, a aceptación e a tolerancia.

Todos os membros da comunidade escolar deben respectar este principio no modo de conducirse e no desempeño das súas funcións. Serán amables e coidadosos no trato evitando os malos modos e calquera acción ou expresión que supoña desprezo ou minusvaloración da persoa. En

particular, os profesores aplicarán no desempeño das súas funcións educativas a máxima "duro co problema (comportamento), pero suave coa persoa".

A boa convivencia non só depende de grandes principios ou valores morais (dereitos humanos, liberdade...). O día a día das relacións interpersoais debe estar conformada por pequenos detalles, palabras e xestos corteses e amables que favorecen a convivencia e que deben ser potenciados na escola en todas as actividades que se realicen.

Trátase pois de:

- Ser cortés no trato: pedir por favor, dar as grazas, pedir desculpas,...
- Dirixirse aos demais utilizando o seu nome.
- Mirarse aos ollos ao falar.
- Sorrir, independentemente do teu temperamento ou estado de ánimo.
- Ser amable, ter boa disposición.
- Ser servicial, dando e recibindo axuda con educación, ofrecéndose voluntariamente sen esperar a que o soliciten.
- Facer as cousas con boa actitude, alegría e dilixencia.
- Ceder o paso, non empurrar para entrar, saír ou coller as cousas.
- Empregar unha linguaxe correcta evitando palabras malsoantes.
- Vixiar o ton das palabras para non ofender ao outro.
- Saudar.
- Evitar os berros ao comunicarse cos demais.
- Deixar falar aos demais e respectar as súas opinións.
- Evitar molestar ou mancar os demais.
- Ser amigable: interesarse polas cousas dos demais, procurar evitar que alguén se sinta illado e non formar círculos que exclúan a outros das relacións sociais.

Teñamos presente, pois, ao conducirnos no colexio e a vida social en xeral que "a cortesía non custa nada e gaña todo".Jean-Baptiste Molièr.

5.3.1.2. O trato co alumnado

Existen factores relacionados coas interaccións persoais que se crean na aula que dependen en boa medida non só da personalidade e forma de abordar a marcha da clase dun profesor, senón tamén do seu estilo persoal de control e manexo da aula, o seu estilo docente e as interaccións que se produzan nos procesos de aula.

Destacan neste sentido os estudos realizados sobre os estilos de interacción dos profesores Brekelman, Levy e Rodríguez (1993), nos que intentaron analizar os comportamentos docentes clasificándoos sobre dous parámetros: a proximidade entre profesor alumno e a xestión da influencia ao ensinar.

Os estudantes entendían que os seus mellores profesores eran uns líderes fortes, amigables, comprensivos que non mostraban inseguridade e insatisfacción. Usualmente deixábanlles responsabilidade e liberdade e utilizaban pouco os partes.

Pola contra, os peores profesores eran percibidos como menos cooperativos e situados en posicións de oposición ou opoñente.

O bo profesor presenta no seu comportamento unha mestura de cooperación e dominio. Pola contra, os peores profesores son aqueles que se engloban dentro das categorías, represivo, inseguro-tolerante e agresivo-inseguro. O primeiro por ser tremendamente estrito e duro e os dous últimos debido á dificultade de aprender nunha clase onde predomina o desorde.

Afondando na descrición dos comportamentos docentes máis eficaces na xestión da aula, destacamos:

- Que o profesor sexa autentico, é dicir, que exprese con sinceridade e eficacia o que sente.
- Que o ambiente socioemocional da aula sexa positivo, de modo que cada alumno entenda que ten un lugar axeitado e propio no seo do grupo clase que lle permita obter éxito na tarefa que se propón.
- A reciprocidade,é dicir, que aceptando os roles diferenciais entre profesor e alumno, as relacións humanas na aula estean baseadas na multidireccionalidade entre o profesorado e o alumnado.
- Contar con recursos para manexar as situacións conflitivas tratando de non sobredimensionalas.
- Que as expectativas sexan positivas respecto aos alumnos e as súas posibilidades de progreso.
- Que sexa persuasivo no sentido de transmitir unha visión apaixonada sobre aquilo que ensina.
- Favorecer a participación do alumnado na aprendizaxe, xa que na medida en que o alumno estea informado ou poida influír sobre o programa docente, establecerase un maior nivel de vinculación deste coa tarefa escolar.
- É necesario insistir na conveniencia da personalización da relación. Cando un profesor protagoniza segmentos de interacción co seu alumnado onde se percibe con facilidade que hai interese polo benestar persoal e académico dos participantes, que se envolven as mensaxes con palabras de ánimo e que ata se chegan a comunicar cuestións persoais entre eles, podemos afirmar que está a personalizar a relación. Na aula non só hai alumnos que deben aprender uns contidos; todos eles, mesmo o profesor, son persoas con emocións, problemas, desexos e inseguridades. A interacción que se salpica de personalización está a ter en conta esta realidade.

- O humor serve para distender o ambiente e impregnalo de espontaneidade e optimismo, factores que favorecen calquera actividade e tamén a aprendizaxe. Os estudantes valoran moito este trazo. A capacidade de facer bromas dentro duns límites claros de mutuo respecto, constitúen un compoñente importante da interacción profesorado-alumnado.

- O humor compartido é, polo tanto, un excelente recurso que xera un clima distendido, espontáneo e de aceptación. Pero non existen fórmulas máxicas desencadeantes deste trazo ambiental. Tan inadecuado é forzalo como inhibir a súa aparición.

- Flexibilidade. O termo flexibilidade define a capacidade de alcanzar acordos cambiando de opinión se as circunstancias así o aconsellan.

  Modificar as datas dun exame baixo a petición da maioría é trazo de flexibilidade. Tamén o é preguntar e considerar as respostas do alumno antes de tomar decisións sobre o momento e forma de realizar un exercicio.

  Algúns profesores manifestan non saber exactamente onde está o límite entre ser flexible e deixar facer o alumno ao seu antollo. Non existen receitas, pero entendemos que o profesor é ríxido cando non escoita as peticións de sobrecarga de traballo do alumnado, descualifica esas solicitudes etiquetándoas de falta de interese e ganas de facer o vago ou cando, sen ter nunca en conta as tarefas doutras materias, marca un listado de actividades para casa.

  Ser flexible é estar pendente do que lle sucede a noso arredor, escoitando as achegas do alumno, construíndo entre todos modos de traballo eficiente á vez que satisfactorios para todos.

- Valoración dos estudantes. Cando na aula se producen mensaxes de aprobación e felicitación, se ten en conta o traballo feito ou as achegas do alumnado, estanse vivenciando situacións nas que o profesorado exterioriza consideracións positivas cara a un estudante ou cara a todo o grupo.

  Se algún progreso parcial, a concentración na tarefa ou a intervención de nenos que habitualmente non o fan, non son obxecto de eloxio por parte do profesor e só se congratula cando emerxe un resultado correcto, unicamente valorará un grupo concreto de alumnos, que será continuamente receptor de todas as felicitacións, sen ter en conta o esforzo e progreso persoal e académico de nenos menos brillantes que nunca conseguirán resultados destacados.

**5.3.2. Medidas de ámbito curricular.**

Nos últimos anos producíronse importantes modificacións nos escenarios escolares. De ser só espazos destinados á difusión e transmisión de saberes e á asimilación por parte dos

estudantes de contidos conceptuais, pasaron a converterse tamén en ámbitos de promoción de actitudes e valores con fins orientados a promover condutas de respecto, tolerancia e cooperación.

A utilización de técnicas de traballo no desenvolvemento de habilidades cognitivas, dilemas morais e habilidades sociais da uns resultados excelentes. A través dunha formación continuada en competencia social, pódese obter o desenvolvemento do pensamento no relativo ás consecuencias do que se fai (pensamento consecuencial), a capacidade de colocarse no lugar do outro (pensamento en perspectiva) e a posibilidade de considerar máis dunha soa posibilidade de acción (por exemplo, o diálogo e a negociación en lugar da confrontación).

O traballo con dilemas morais contribúe a transportar ao alumnado a través dos diferentes estadios de Kohlberg dende a heteronomía (reacción exclusiva ante o castigo) cara a outras formas que permiten a relación interpersoal noutros estados intermedios claramente prosociais.

A adquisición da asertividade, que permite dispoñer dun instrumento de relación persoal lonxe tanto da resposta inhibida coma da agresiva, constitúe tamén un recurso que poñemos a disposición dunha mellora notable das relacións interpersoais.

O colexio debe ofrecer coñecementos, procedementos e actitudes que contribúan á construción de criterios morais derivados da razón e o diálogo, e pensamos que todo este traballo débese iniciar cos máis pequenos na educación infantil.

Pero se ben a educación en valores e competencia social é algo que se traballa continuamente na nosa relación cos alumnos, habemos de facelo tamén dende a transversalidade, cun sentido globalizador e integral, de forma sistematizada e explícita, en todas as actividades que propoñemos aos alumnos e con actividades concretas presentes nas programacións de aula.

O titor de cada grupo conducirá o traballo a desenvolver en función das características e necesidades do seu grupo e elixirá os materiais que utilizará en cada momento, podendo contar coa colaboración da orientadora.En educación infantil os contos serán un dos eixes importantes arredor do que se desenvolverá este labor.

Para facilitar esta tarefa pódense utilizar materiais tales como:

- MONJAS, M. I (2009). Como promover la convivencia. Programa de Asertividad y Habilidades Sociales (PAHS). Madrid: CEPE.
- SEGURA, M. & ARCAS, M. (2004). Relacionarnos bien. Programa de competencia social de 4 a 12 años". Madrid: Narcea.
- COBO, M. & GALINDO, A (coord.) (2006). Emociónate. Programa de desarrollo infantil en competencias emocionales. Madrid: ICCE.
- GARCÍA, M.&VACA, E. (2006). CONVES. Programa para mejorar la convivencia escolar. Primaria. Madrid: TEA.

- ACOSTA, A & MEJIAS, J . Programa de educación para la convivencia. Cuaderno de habilidades sociales. Departamento de Psicología Experimental y Fisiología del Comportamiento de la Universidad de Granada. Recuperado el 18 de abril de 2016, desde: http://portal.uc3m.es/portal/page/portal/cultura_y_deporte/orientacion/orientacion/otros_temas/Habilidades%20sociales%20para%20ni%F1os.pdf

**5.3.3. De ámbito organizativo.**

5.3.3.1. Normas de aula.

O feito de que a comunidade educativa recoñeza uns límites claros e definidos que rexan a vida no centro educativo é un aspecto necesario e imprescindible dende un punto de vista educativo.

Esta actividade ten como obxectivos:

- Propiciar a integración, cohesión e cooperación grupal, aumentando o poder de control sobre a clase do profesor e a formación nos alumnos dunha actitude de respecto e colaboración coa convivencia e o traballo en clase.

- Proporcionar oportunidades para que os alumnos tomen conciencia da conveniencia de establecer e cumprir normas que favorezan a convivencia e o traballo.
- Incrementar a capacidade de xuízo crítico, a habilidade para prever os efectos da propia conduta e para buscar estratexias de actuación que eviten conflitos, ao mesmo tempo que propician un clima de convivencia e traballo favorable.
- Mellorar o autocontrol dos alumnos e potenciar os hábitos sociais e de traballo.
- Mellorar a calidade do traballo e aprendizaxe mediante un clima de sosego, e así lograr que descendan os niveis de conflitividade e estrés dentro da aula.
- Desenvolver actitudes de cooperación e axuda mutua entre os compañeiros.

A definición dunhas regras claras e coñecidas que regulen distintos aspectos da vida do centro e a implicación do alumnado no bo funcionamento da institución escolar constitúen dúas liñas de actuación esenciais na xestión da convivencia.

A importancia de que as normas sexan claras e coñecidas e se fundamente para o alumno a súa razón de ser:

- Os alumnos precisan estabilidade e seguridade e para iso deben saber o que teñen que facer, como facelo e as consecuencias que se derivan diso.
- É importante que non perciban as normas como algo arbitrario, o que motiva, en ocasións, que os intentos de corrección por parte do profesor se vexan respondidos con reaccións de protesta do alumnado.
- A variación das normas xerais dun profesor a outro fai que, en boa medida, o seu seguimento resulte moito máis difícil para o alumnado. Neste terreo debemos ser formais

e explícitos.

É necesario ter en conta que, malia que xa dende os primeiros cursos se deben traballar as normas, o procedemento,a responsabilidade de cada un, as consecuencias que leva consigo o seu incumprimento, ... deben adaptarse ás características psicoevolutivas do alumnado. Así, nestes primeiros niveis débese partir dos problemas concretos, dos comportamentos que consideramos inadecuados ou de situacións que perturban o grupo e que impiden o logro de obxectivos compartidos.

O proceso para a elaboración de normas de aula debe ser o suficientemente áxil para que poidan estar establecidas o antes posible.

É conveniente ter poucas normas, claras e sinxelas que describan comportamentos concretos e facilmente constatables e deixar claras as consecuencias e/ou procedementos de actuación en caso do seu incumprimento.

A continuación referiremos como pode levarse a cabo o proceso para a elaboración das normas de aula.

Previamente, cada equipo de profesores pode establecer unha relación de aspectos a tratar nos grupos polo titor. É conveniente dispoñer de documentos sinxelos nos que anotar os comportamentos inadecuados e aquelas situacións máis conflitivas da aula.

Facer periodicamente por parte dos equipos docentes unha posta en común e análise das situacións e problemas que se plantexan, así como das estratexias e actuacións máis eficaces que se levan a cabo, pode ser de gran axuda para todos.

Nun primeiro momento o titor pretende sensibilizar e concienciar ao alumnado da necesidade de ter unhas normas en clase como en calquera outro grupo social. Leva a cabo unha reflexión sobre o concepto de norma e a súa importancia para as relacións interpersoais, o bo funcionamento da clase e a eficacia do proceso educativo, sobre os seus obxectivos común sexan regulados.como compoñentes do grupo-clase, así como sobre os dereitos e deberes dos alumnos e profesores e os aspectos que é conveniente sexan regulados.

As normas deben consensuarse e concretarse tras reflexionar sobre a conveniencia de cada unha, analizando os pros e os contras de establecela ou non, ao obxecto de conseguir que o alumnado asuma unha actitude de colaboración responsable no seu establecemento.

Nas asembleas pódese traballar a reflexión das devanditas normas.

Os criterios a considerar á hora de formular as normas que se van elaborar son os seguintes:

- Deben ser claras e concretas para que resulte doado determinar se se cumpriron ou non.
- Se é posible, enunciadas en positivo. Mellor que expresar unha prohibición é expresar o comportamento correcto nunha determinada situación.
- Que sexan realistas e doadas de cumprir.
- Que sexan xustas.
- Que se entenda o seu sentido, a súa razón de ser.
- Non excesivas en número.
- Non poden ir contra as normas xerais do centro ou contra outras de rango superior.

Cada unha das regras de comportamento debe ir asociada ás consecuencias previstas ante o seu incumprimento.

Estas consecuencias enténdense como sancións ou correccións de carácter recuperador e non meramente punitivo, destinadas a reconducir a conduta inadecuada ata conseguir que o comportamento do alumno se adapte á norma establecida e aceptada polo grupo.

Neste sentido, pode ser relevante aquí a distinción entre castigo e consecuencias lóxicas segundo a cal o castigo funciona máis como unha forma de desquite ou de revancha que contribúe en maior medida á descarga emocional da persoa ofendida que a axudar ao infractor a aprender o comportamento aceptable da experiencia. As consecuencias terían un carácter máis educativo e recuperador, posto que gardan unha relación directa co tipo de falta cometida e van máis orientadas a axudar ao infractor a comprender os efectos negativos da súa conduta máis que a penalizala.

Os criterios máis importantes que se poden establecer para definir as posibles consecuencias son os seguintes:

- Deben ser realistas e factibles.
- Deben gardar proporción coa gravidade da falta cometida.
- Deben ser eficaces á hora de corrixir o comportamento inadecuado.
- Sempre que resulte posible, deben ir orientadas a corrixir o problema ocasionado polo infractor, polo que deben gardar unha relación lóxica co tipo de falta cometida.
- Non poden ir en contra dos dereitos fundamentais da persoa.
- Cada norma pode levar asociadas unha ou varias sancións graduadas, en función da magnitude do dano causado ou considerando unha posible reincidencia.

O obxectivo pode ser establecer un pacto, dito pacto pode tomar a forma dun acordo rubricado polas distintas partes no que se especifiquen, ademais, o período de vixencia e os mecanismos para a súa

posible revisión e modificación.

O procedemento a seguir é a aprobación de cada unha das normas pola asemblea da clase. Posteriormente, poranse nun lugar destacado da clase nun formato elaborado polos alumnos.

5.3.3.2. Asemblea de aula.

A asemblea é o espazo para a xestión da convivencia e da aula e a canle fundamental de participación e toma de decisións do alumnado no centro. Nela trátanse todo tipo de temas relacionados coa convivencia, o traballo escolar e a vida do centro en xeral. Ademais de constituír unha actividade fundamental para regular e mellorar a convivencia na aula, facilita a adquisición de valores como o respecto, diálogo, democracia, xustiza, igualdade, tolerancia, que se traballan nela de forma vivenciada.

Podemos destacar entre as súas funcións:

- Organización da vida da aula
- Coñecemento e resolución de conflitos.
- Servir de foro de expresión dos alumnos: dificultades, situacións, que viven como dolorosas ou insatisfactorias, necesidades, propostas, suxestións, queixas, ...
- Coñecemento das relacións que se establecen en entre os alumnos e destes con outros membros da comunidade educativa e os problemas que xorden nestas.
- Tratamento de temas da clase promove a colaboración, a amizade e a confianza e contribúe a cohesionar o grupo.
- A aprendizaxe da habilidade do diálogo que implica expresar a propia opinión e escoitar a dos demais de forma respectuosa.
- A aprendizaxe dos mecanismos de participación democrática e a realización de acordos, pactos, votacións.
- O control dos alumnos disruptivos ou que xeran problemas no grupo.
- A prevención de situacións de acoso, maltrato,...
- A axuda a alumnos con dificultades de relación.
- Realizar as normas de aula e levar a cabo o seu seguimento para asegurar o seu cumprimento e analizar a súa utilidade ou a necesidade de novas normas para estudar a súa modificación.
- Formular propostas que transcenden o seu poder de decisión como grupo.
- Traballo da educación en valores.
- Aprendizaxe de habilidades de relación.

O bo funcionamento da asemblea de aula como procedemento regulador da convivencia no centro require:

- Aínda que o formato e os seus obxectivos cambiarán substancialmente duns cursos a outros, realizaranse en todos os niveis do colexio con periodicidade semanal de forma que

constitúa unha actividade habitual do grupo. En E. Infantil manterase a primeira hora diaria, que xa se viña destinando a este fin.

- É conveniente organizar o espazo de xeito distinto ao habitual para marcar o carácter propio e diferenciado, o "especial" desta actividade dentro do día a día da aula, nunha disposición que todos poidan verse e favoreza o dialogo e intercambio.
- En relación á actuación do profesor:
    - O titor, polo seu coñecemento e estreita relación co grupo e a influencia e ascendente sobre este, debe ser o que conduza as asembleas. Pode contar coa colaboración da orientadora.
    - Debe deixar que os alumnos sexan os protagonistas da asemblea, reducindo a súa intervención ao mínimo que sexa necesario, conforme á idade e grao de autonomía e eficacia dos nenos.
    - Manterá unha actitude de respecto cara ás opinións dos alumnos, coidando a formulación de xuízos de valor e sendo prudente nas súas intervencións para que os nenos poidan chegar a debater libremente e deixar que cheguen ás súas propias conclusións e propostas. Deste modo, aumentará a confianza dos alumnos e favorecerá a súa expresión libre e sincera.
    - Intervirá co obxecto de favorecer a eficacia da asemblea como moderador, para centrar o tema de discusión ou evitar desviacións deste, estimular a participación de todos os alumnos, resumir ou sintetizar diversas posturas sobre un tema,… axudando a facer as asembleas do modo máis correcto e eficaz posible.
    - Seguindo as formulacións de Trilla (1992), cando se discuten valores morais con rango de universalidade (respecto, xustiza, democracia, tolerancia, liberdade, honestidade, etc.) debe adoptarse sempre unha postura favorable a estes, de forma clara e contundente. No mesmo sentido, a postura do profesor será claramente "belixerante" cando a discusión se centre en contravalores (inxustiza, desigualdade, insolidariedade, intolerancia, etc.)

5.3.3.3. Observadores da paz.

Chamamos así aos alumnos que voluntariamente colaboran na mellora da convivencia no colexio. Contribuirán a facilitar a integración dos que se incorporan ao grupo ao longo do curso e dos que están máis illados e a descubrir e axudar a compañeiros con dificultades. Tamén observarán no seu grupo o clima de convivencia e, especialmente, os posibles casos de maltrato e abuso, etc.

O procedemento para poñer en marcha esta iniciativa é o seguinte:

- Preséntaselles aos alumnos un vídeo ou documento acerca dunha situación conflitiva relacionada coas relacións interpersoais na vida escolar: pelexa, marxinación, maltrato entre iguais, ..., que serve de punto de partida para abordar os problemas de convivencia

do colexio.

- Anímaselles a asumir un papel máis activo para evitar que estes conflitos se produzan e proponse o nomeamento de alumnos da clase de forma rotativa como observadores da paz.
- Debátese con eles que significa ser un observador da paz e qué cometidos desempeñarán. As tarefas, que deben quedar claramente expostas, serán as seguintes:
- Cando haxa unha pelexa, maltrato ou abuso, avisar ao mestre.
- Axudar a integrarse aos novos compañeiros
- Interesase polos compañeiros que están sos no patio.
- En cada titoría nomearanse dous observadores cada semana.
- As súas observacións, xunto coas que realicen outros alumnos da clase, serán tratadas nas asembleas semanais, comentándose todo o sucedido, os avances, as dificultades....
- Nas reunións de coordinación, os mestres analizarán tamén o desenvolvemento desta iniciativa para introducir os cambios necesarios.

5.3.3.4. Contratos individuais de aprendizaxe.

Cando o rendemento dun alumno non é adecuado o profesorado ou orientadora pode, en coordinación coa familia, establecer con este un compromiso de aprendizaxe que recolla as súas responsabilidades (realización de tarefas, notas, etc.)

Os acordos formúlanse nun escrito do que o profesor conserva copia asinada.

Cando os acordos se incumpren, os pais serán chamados ao centro e revisaranse os acordos, tomándose as decisións que procedan.

5.3.3.5. Mediación.

A mediación é un método para resolver disputas e conflitos. É un proceso voluntario no que se brinda a oportunidade a dúas persoas en conflito para que se reúnan cunha terceira persoa neutral (mediador) para falar do seu problema e intentar chegar a un acordo.

As características esenciais da mediación son as seguintes:

- É un acto cooperativo non competitivo.
- Baséase nun proceso de resolución de conflitos.
- Está orientado cara ao futuro.
- Todos son gañadores.
- Esixe honestidade e franqueza.
- É voluntario.
- Preocúpase polas necesidades, sentimentos e emocións.
- Non é ameazante; non é punitivo.
- É confidencial.

- mediador axuda a remover os obstáculos de comunicación, malentendidos, prexuízos, etc.
- As partes deben resolver "o seu conflito".
- Ofrece a oportunidade de que cada parte escoite o punto de vista da outra.
- É un proceso no que se teñen que facer propostas sobre as cuestións do conflito e chegar a un acordo.
- Este acordo debe ser posible, escrito e supervisado.

A mediación será desenvolta por calquera profesor do centro. O protocolo a seguir para utilizar este servizo será:

1. Calquera membro da comunidade educativa pode solicitar os servizos dun mediador.
2. Serán obxecto de mediación todas as cuestións que afecten á convivencia dos membros da comunidade educativa.
3. Na fase previa (premediación) fálase coas partes por separado, explícase o proceso a seguir e solicítase o seu consentimento para levar a cabo á mediación.
4. Do acordo alcanzado entre as partes darase conta ao titor dos alumnos para o seguimento do cumprimento.
5. Ao remate da intervención, o mediador fará un informe no que figurarán, entre outras cousas, os acordos aos que chegaron as partes. Recollerá tamén a forma na que se vai a realizar o seguimento dos acordos acadados.

5.3.3.6. Aula de convivencia.

| | |
|---|---|
| Definición. | A aula de convivencia é un espazo para o tratamento individualizado daqueles alumnos que mostren algunha conduta contraria ás normas de convivencia ou gravemente prexudicial para a convivencia. A aula de convivencia é un espazo de traballo e reflexión, non é un “aula de castigados”, na que o alumno que acuda reflexione sobre o incidente, aprenda a convivir cos demais e a previr posibles conflitos. |
| Obxectivos que se pretenden alcanzar. | 1. Mellorar o clima de convivencia no colexio.<br>2. Ensinar a reflexionar ao alumno e a valorar as causas que lle levaron ao aula de convivencia para cambiar de actitude.<br>3. Aprender a responsabilizarse das súas propias accións.<br>4. Aprender a ser tolerantes cos demais.<br>5. Aprender a resolver conflitos de forma pacífica.<br>6. Educar para a vida, potenciando as relacións interpersoais de cada alumno, é dicir, para a súa integración satisfactoria co demais.<br>7. Establecer compromisos de mellora de actitude co alumno.<br>8. Realizar un seguimento do alumno que asiste á aula. |

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

| | |
|---|---|
| Alumnado que pode asistir ao aula de convivencia. | Poderán asistir ao aula de convivencia aqueles alumnos aos que se lles impoña unha corrección e reincida nalgunha conduta contraria ás normas de convivencia e conduta gravemente prexudicial para a convivencia.<br><br>O alumno que asista ao aula, como mínimo, debe cometer unha falta merecedora dun parte disciplinario e de calquera forma, Titor e Xefe de Estudos valorarán a posibilidade da asistencia ao aula de convivencia de cada caso concreto. |

| | |
|---|---|
| Procedemento para derivar ao alumno á aula de convivencia. | Cando un alumno cometa unha falta merecedora dun parte disciplinario, o Titor do mesmo e Xefe de Estudos valorarán si a medida a aplicar puidese ser a derivación do alumno ao aula de convivencia. Neste caso procederase da forma seguinte:<br>1. Cumprimentarase un informe no que se indicará a falta cometida polo alumno, o tempo de permanencia no aula, as actividades a realizar. Este documento se formalizará cando o Titor e Xefe de Estudos.<br>2. Comunicación aos pais da falta cometida e da correspondente medida a aplicar.<br>3. O alumno que teña que asistir ao aula de convivencia (como medida xa organizada pola XE) terá que presentarse na mesma os días e as horas que lle indiquen. Irá acompañado polo seu profesor/a que llo comunicará ao profesor co que teñan clase nese momento.<br>4. O profesor de garda anotará a actitude e si traballou ou non o alumno durante a permanencia na aula.<br>5. Ao finalizar a permanencia do alumno na aula o titor do mesmo realizará un informe no que se recollerá a súa actitude, aproveitamento do traballo, comportamento e reflexión tendo en conta as anotacións feitas polos profesores que acompañaron ao alumno.<br>6. O profesor de garda, axudará ao alumno a cumprimentar as fichas e actividades propostas.<br>7. O alumno deberá completar a ficha no que describe o incidente, a súa forma de actuar, a reflexión que fai, como pode reparar o dano causado, o compromiso que establece, que podería facer para evitar o incidente.<br>8. O alumno realizará as actividades propostas para a reflexión e prevención de conflitos.<br>9. O alumno, ademais, debe realizar as tarefas propostas polos mestres e profesorado que imparten clase durante as horas que asista ao aula de convivencia para evitar a interrupción do seu proceso formativo<br>10. O alumno que asista ao aula de convivencia deberá comportarse correctamente, traballar as actividades e seguir as indicacións que lle dean os profesores de garda no aula. En caso contrario, redactarase un parte disciplinario e aplicaráselle outra medida correctora. |

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

| | |
|---|---|
| Profesorado que atende a aula de convivencia. | Establecerase un horario no que se detalle a hora e o profesor responsable da mesma. Este horario atoparase nos taboleiros de anuncios da sala de profesores e na aula de convivencia.<br><br>Na aula de convivencia atoparanse as listas dos alumnos que asisten á mesma así como todo o material necesario para o funcionamento da mesma. A confección deste material é responsabilidade do profesorado que promoveu a inclusión do alumno na aula de convivencia.<br><br>O profesorado de garda que teña que asistir ao aula será notificado pala xefatura de estudos o día anterior. Para evitar que o alumado desta aula estean sen profesor/a, o profesor/a saínte deberá esperar a que chegue o seguinte. |
| Funcionamento da aula de convivencia. | Para que o funcionamento do aula de convivencia sexa o máis eficaz posible establécese o seguinte horario: empezará ás 9:00 h e terminará ás 14:00 h., de luns a venres. A aula de convivencia funcionará segundo as necesidades do centro. |
| Normas da aula de convivencia. | Son substancialmente iguais as que rexen para todas as outras aulas do centro. O traballo nesta aula estará centrado na corrección da conduta que provocou a inclusión do alumno e fará fincapé fundamentalmente en:<br>1. Asistir a clase e chegar con puntualidade.<br>2. Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.<br>3. Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente.<br>4. Atender, estudar e interesarse por aprender; así como respectar o dereito á aprendizaxe dos compañeiros.<br>5. Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.<br>6. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razóns de |

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

7. Coidar e utilizar correctamente o material e as instalacións do Centro.
8. Respectar as pertenzas dos membros da comunidade educativa.
9. Participar na vida e funcionamento do Centro.
10. Non realizar actividades prexudiciais para a saúde, nin incitar a elas.
11. Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.
12. Cumprir as normas referentes á vestimenta.
13. Cumprir as normas referentes aos móbiles, mp3 e demais aparellos multimedia

**Finalidade e obxectivo da aula de convivencia.**

As aulas de convivencia pretenden ser un elemento útil na tarefa formativa. Intentan dar atención aos alumnos e alumnas que alteran a convivencia con situacións graves de conduta, que non poden ser atendidas e solucionadas de xeito inmediato no momento que ocorre o incidente. O seu obxectivo é servir de recurso pedagóxico e correctivo de todos aqueles comportamentos que alteran a convivencia diaria. É dicir, pretenden favorecer a reflexión dos alumnos ou alumnas que foron remitidos á mesma e garantir as actividades formativas pertinentes para cada caso, que aseguren ou tendan a mellorar devanditos comportamentos.

Para iso, a aula de convivencia, no seu funcionamento, debe ser:

1. Un espazo de reflexión: posibilitando que os/as alumnos/as aprendan e responsabilícense das súas propias accións, pensamentos e sentimentos.
2. Un espazo formativo: que contribúa a formar actitudes cooperativas, empáticas, solidarias e de respecto cara aos demais.
3. Un espazo de mediación: que permita ao alumnado e profesorado atopar un espazo neutral onde se poidan analizar e resolver os conflitos de xeito pacífico e dialogante.
4. Un espazo correctivo: que permita, a través da reflexión, que o alumnado adquira compromisos concretos que melloren o conflito.
5. Un espazo pacífico: que permita ao estudante que o necesite recuperar o autocontrol das súas emocións e autoestima.
6. Un espazo educativo: que mellore a vida persoal e académica do alumnado por medio de actividades educativas.

| | |
|---|---|
| Criterios para a derivación ao aula de convivencia. | Por ser un espazo educativo que atende todas aquelas incidencias que alteran a convivencia diaria, é necesario que os casos de alumnos/as que sexan derivados ao aula, atendan a que:<br><br>1. A conduta referida altere a convivencia escolar.<br>2. O/a alumno/a derivado/a reciba previamente algunha corrección pola súa conduta e reincida no seu comportamento.<br>3. O/a alumno/a presente deficiencias a nivel de relacións interpersoais, é dicir, que a súa actitude impida a realización das actividades escolares ou afecte a integración no aula.<br>4. O/a alumno/a derivado/a considérese que incumpriu as condutas tipificadas como faltas graves nas normas de organización e funcionamento do centro. |
| Procedemento. | Se un alumno ou alumna cumpre cos criterios de derivación ás aulas de convivencia, o procedemento a seguir será o seguinte:<br><br>1. O profesor ou a profesora encherá unha solicitude na que remite ao alumno ou alumna ao aula de convivencia. Esta solicitude é remitida á dirección ou xefatura de estudos expoñendo as razóns polas que o/a alumno/a debería ser derivado/á as aulas de convivencia.<br>2. O director ou a directora verificará que se cumpran as condicións previstas para a derivación ao aula de convivencia.<br>3. A dirección, xunto coa xefatura de estudos e/orientador do centro, establecen o tempo e horario no cal debe asistir o/a alumno/a a aula de convivencia, así como os posibles temas para a súa permanencia na aula.<br>4. A xefatura de estudos reúnese co alumno ou alumna implicado/a informándolle sobre a acción correctora, así como o horario e tempo de permanencia na mesma.<br>5. A xefatura de estudos informa ás persoas responsables da aula de convivencia do incidente, quen é o implicado ou implicada, e o tempo que permanecerá no aula.<br>6. O director comunicará á familia por escrito e en entrevista persoal, si é posible, a resolución da medida, indicando o motivo, os obxectivos, o número de días e o número de horas que debe asistir ao aula de convivencia.<br>7. Durante o período de tempo que se estimou que permaneza no aula |

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

favorecerase un proceso de reflexión por parte do alumnado a través do

8. Visionado de material audiovisual sobre temática específica e directamente relacionada coas circunstancias que motivaron a súa presenza no aula.
9. Ao finalizar o tempo de estancia no aula, o alumnado implicado adquirirá un compromiso persoal coa persoa responsable do aula; quen propón medidas correctivas de maior peso en caso de reincidencia.
10. A persoa responsable do aula de convivencia debe elaborar unha avaliación das actividades realizadas co alumnado implicado, os seus progresos ou dificultades.
11. A derivación ao aula de convivencia non substitúe a adopción doutras medidas correctoras.

| | |
|---|---|
| Recursos e materiais. | A aula de convivencia ten que ser un espazo sobrio, con material de traballo para o alumnado implicado e a persoa responsable do aula.<br><br>Os materiais elaborados para utilizar como instrumento de reflexión na Aula de Convivencia poden proceder de moi diversas fontes. Neste sentido, os materiais multimedia poden ser aliados para a consecución dos obxectivos previstos.<br><br>As actividades que se propoñen para reflexionar sobre cada unha das escenas seleccionadas pretenden:<br><br>1. Aprender a canalizar as emocións negativas.<br>2. Aprender a interiorizar a responsabilidade das propias condutas.<br>3. Desenvolver a empatía afectiva. |

Contémplanse tamén os usos reflectidos no Dec. 8/2015.

5.3.3.7. Lugar para o acordo

En educación infantil e nos primeiros niveis de educación primaria haberá na clase un lugar para o acordo con dúas cadeiras, una para falar (sinálase cunha boca) e outra para escoitar (marcada cunha orella). Os que entran en conflito acoden a este lugar onde un fala mentres o outro escoita, cada un sentado na cadeira correspondente de forma alternativa.

Na maioría dos casos, tras expresar e escoitar as razóns e sentimentos de ambos, chegan a un acordo e resolven pacificamente o seu conflito.

En anos sucesivos, é a nosa pretensión ter en diversos puntos do centro estes recantos para que os alumnos traten, nun primeiro momento, de resolver por si mesmos os conflitos, baseándose nos principios nos que se forman nas titorías.

### 5.3.4. Outros recursos para favorecer a convivencia.

Neste documento sinalamos as actuacións que o centro levará a cabo en distintos ámbitos para favorecer a convivencia, pero non queremos deixar de recordar que estas son medidas que desenvolven as liñas de actuación do centro educativo con respecto á convivencia que deben quedar reflectidas en:

- Nos documentos que conforman o Proxecto Educativo de Centro (PEC), así como nas concrecións curriculares (CC).
- Programacións didácticas.
- Programación Xeral Anual.
- Plan de Orientación e acción titorial.
- PXAD
- Actuación do equipo directivo.
- Comisión de convivencia.
- Programa de Educación Viaria.

### 5.3.5. Prevención e actuacións ante a disrupción.

Cando falamos de condutas disruptivas estámonos a referir ás situacións de aula nas que un ou uns poucos alumnos impiden co seu comportamento o desenvolvemento normal da clase, obrigando o profesorado a empregar cada vez máis tempo en controlar a orde dentro desta.

A disrupción presenta as seguintes características:

- Refírese a un conglomerado de condutas inapropiadas dentro da aula, tales como levantarse a destempo, falar cando explica o profesor, etc.
- Supón que os obxectivos educativos das diferentes persoas na aula non converxen nun punto común; é dicir, os propósitos educativos iniciais do profesor non son compartidos e asumidos por todos os alumnos.
- Atrasa e, nalgúns casos, impide o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Convértese nun problema académico pois non permite ampliar nin reforzar os coñecementos debidos.
- Interprétase como un problema de disciplina ou, mellor dito, de indisciplina na aula.
- A súa repercusión excede aos individuos sobre os que se centra a acción (alumno-profesor), porque produce maior fracaso escolar no grupo clase.
- Propicia un clima de aula tenso onde se crean malas relacións interpersoais, tanto entre profesores e alumnos coma entre os propios alumnos.

- Proporciona un campo fértil para a aparición e aumento do maltrato entre alumnos.
- Separa emocionalmente a profesores e alumnos impedindo, en moitos casos, formulacións didácticas innovadoras.

Como exemplo, podemos citar condutas tales como: levantarse do sitio sen pedir permiso, retar a autoridade do profesor, non traer materiais a clase, non querer seguir coa tarefa, molestar a compañeiros, preguntar para obstaculizar o desenvolvemento da sesión, etc. Todas elas provocan desacougo e unha grave dificultade para proseguir a marcha da clase.

5.3.5.1. Pautas para previr a disrupción.

O trato persoal co alumnado

- Demostrar respecto e educación no trato cos alumnos. O manexo construtivo das situacións problemáticas esixe do profesor unha gran cantidade de cualidades emocionais.
- Respecto polo alumno, o que nos impide ser ferintes mesmo cando estamos enfadados ou no trato con nenos difíciles.
- A capacidade de manexar a propia indignación.
- Un sentimento de autoestima estable que nos permita non converter cada provocación do alumno nun ataque persoal.
- A capacidade de poñerse no lugar do alumno e comprender os seus motivos.
- Coñecemento de que o ton que empregamos no trato co alumno actúa sobre o seu desenvolvemento emocional.
- Valorar individualmente a cada un dos nosos alumnos. O alumno debe sentirse aceptado e valorado como persoa polo que é, con independencia do que faga. As condutas inadecuadas deberán ser corrixidas ou sancionadas como corresponda. Trátase de ser capaces de separar a persoa do problema. Ser tan duro como sexa necesario co problema pero sempre amable e respectuoso coa persoa.
- Axudar ao alumno a resolver os seus problemas persoais.
- Axudarlle nos seus problemas académicos.

A xestión de aula.

- Distribución e ocupación de espazos. A colocación do alumnado na aula é un elemento básico para o control e a xestión escolar. Inicialmente pode facerse por orde alfabética. A medida que vaiamos coñecendo aos alumnos, xa dispoñemos doutros criterios para a súa situación na aula. Non debemos deixar que sexan eles os que determinen o seu lugar, de sorte que os máis desmotivados, disruptivos ou problemáticos se xunten nos lugares menos controlables e accesibles. A elaboración do sociograma pode ser unha axuda importante para esta decisión.

- Distribución e uso do tempo. As sesións de aula adoitan responder a un patrón definido en canto á distribución do tempo. E tamén este ten relación co clima da aula, co rendemento

do alumnado e coa maior ou menor presenza de disrupción. Así, por exemplo, a porcentaxe de tempo que se dedica ao traballo cooperativo ten unha incidencia directa na prevención da disrupción.

- Discurso do profesorado e interacción verbal. O discurso e interacción verbal promoven e reforzan determinados tipos de relacións interpersoais (cooperativas ou competitivas, de autonomía ou de dependencia) e bloquean outras.

- Interacción non verbal e paraverbal. Ademais das palabras, a linguaxe do corpo, os sinais e especialmente o movemento do profesorado pola aula, son elementos cunha incidencia directa e considerable sobre a presenza ou ausencia de disrupción. Un profesor que multiplica o contacto non verbal e paraverbal cos seus alumnos e que se move con frecuencia pola clase distribuíndo a súa atención entre eles, prevé as condutas disruptivas mellor que aquel que se parapeta detrás dunha mesa.

- Reacción inmediata ante a disrupción. O tipo de reacción do docente ante a disrupción é un dos principais indicadores que o grupo de alumnos -e especialmente os disruptivos- utiliza para relacionarse co seu profesor. É conveniente utilizar tanto sinais (mirar ao que interrompe, achegarse e tocarlle a mesa, tomar nota mirando ao que fala...),como signos verbais, preferentemente mensaxes breves (citar o nome do que está a falar ou distraído, invitalo a participar,...). Se comprobamos que a conduta non se detivo, recordaremos a norma en termos de necesidades, dereitos, deberes...

  Este tipo de resposta reforza os límites e á vez da confianza e tranquilidade: non agredimos, nin ofendemos nin ridiculizamos, polo que ninguén debe salvar a súa imaxe enfrontándose a nós.

- Estilo motivacional. A motivación do alumno antes de iniciar unha tarefa ou abordar un determinado tema é algo que en moitas ocasións se descoida coa consecuencia case segura dunha maior disrupción.

- Preparación e xestión das actividades e tarefas de aprendizaxe. Este elemento é probablemente o que máis desapercibido adoita pasar. Abonda con observar unha clase para comprobar que o profesor ten que facerse cargo a diario de entre vinte e corenta pequenas tarefas (repartir papeis e fichas, transportar material, apagar luces, tomar notas, etc.) á hora de preparar e xestionar as actividades. Tal exercicio, ademais de resultar esgotador para o docente, favorece a aparición de condutas disruptivas nun alumnado que asiste a todo iso como espectador. Debemos procurar repartir responsabilidades e tarefas entre o alumnado (encargado de...., responsable de...). Este proceder, ademais de actuar como unha estratexia antidisrupción por si mesma, facilítanos a atención da clase. Outra posibilidade de repartición de responsabilidades é a axuda entre iguais, que consiste

en colocar aos alumnos máis rápidos xunto a outros máis lentos de sorte que, rematada a súa tarefa, poidan axudar ao seu compañeiro.

- Uso do eloxio e do reforzo en xeral. A administración e dosificación de eloxios e reforzos en xeral é outro dos elementos clave na xestión da aula. Debemos procurar que todos poidan acceder ás recompensas adaptando as esixencias ás capacidades e intereses de cada alumno, organizando tarefas de reforzo educativo, etc.

- Distribución do poder e exercicio da autoridade dentro da aula. Investido como a autoridade dentro da aula e detectando o poder nesta, o docente ten que tomar decisións sobre como exerce esa autoridade, como a presenta e a lexitima ante os alumnos e como distribúe, devolve e transfire certa cota de poder entre eles. Este é un dos elementos de maior calado na xestión da aula e, en consecuencia, na prevención da disrupción.

- Axudar a coidar o espazo no que conviven. Unha clase sucia e mal coidada é moito máis propensa a sufrir danos, tanto intencionados como producidos por descoidos inxustificables. O alumnado pasa moitas horas nunha aula despersonalizada coa que se sente pouco identificado. Ao tempo que nos preocupamos por evitar os deterioros, podemos intentar que se sintan orgullosos da súa clase para que a coiden: decorala cos seus propios traballos, fotos... O sentido de pertenza axuda a crear grupo e a reducir os comportamentos inadecuados.

- A disrupción externa. Convén que o alumnado conviva nun ambiente de traballo estable, máis ou menos homoxéneo ao longo da xornada escolar. Se unha clase é moi ríxida e outra nada, aumenta o risco de disrupción. O equipo docente de cada grupo deberá asumir unhas normas mínimas comúns de actuación na aula, revisables en función da marcha do curso.

5.3.5.2. Pautas para afrontar a disrupción.

A pesar de intentar adoptar todas as medidas posibles para previr a disrupción é moi probable que esta apareza, en cuxo caso:

- Non o tomemos como un problema persoal. Existen múltiples razóns e motivos polos que un alumno pode mostrar condutas disruptivas: cansazo, necesidade de facerse valer diante dos outros, reclamar atención do profesorado ou dos iguais, etc. É moi posible que o alumno disruptivo estea a facer un exercicio de poder, intente mostrar que controla a situación ou trate de facerse valer diante dos seus compañeiros interrompendo a actividade docente, antes que un intento de afrontar directamente ao profesor.

- Debemos ignorar as condutas leves e puntuais e demorar a resposta ás máis persistentes.

Non poñer atención á conduta disruptiva pode conducir a que o alumno desista desa interrupción. En todo caso, reducirá a probabilidade de que a partir deste momento se reproduzan condutas similares que non conseguen o efecto desexado. Moitos autores manteñen a importancia de evitar o acto disruptivo ou a chamada de atención e centrar na adecuada realización das tarefas.

Isto supón non poñer atención directa ao alumno que, ex profeso, fai sinais de desacordo nese preciso momento, senón esperar o momento en que estea a traballar para apoialo na boa conduta. En termos educativos: mostrarlle o reforzo cando faga algo ben en lugar de prestarlle atención cando estea a realizar a acción que atrasa a marcha do proceso de aula.

Trátase, en definitiva, de mandar mensaxes non verbais nas que se dea por entendido que o profesor é consciente do que está a acontecer e á vez avanzar no proceso de aula no que está inmersa a clase, centrando o interese no grupo. Neste terreo a linguaxe non verbal é unha peza clave. Con accións de baixa intensidade de disrupción, un sinal ou unha ollada é suficiente. Dun xeito non verbal estáselle a indicar "ti sabes que estou aquí e que me estou a decatar". A mensaxe non-verbal actúa como recordatorio ou reforzo.

- Intentemos controlar as condutas máis persistentes a través da linguaxe non verbal. Temos que procurar que a conduta disruptiva dunha pequena parte do alumnado non altere a marcha da actividade docente. Non paremos a actividade para chamar a atención ao alumno disruptivo. Iso é o que, consciente ou inconscientemente, busca na maioría das ocasións. Se o alumno consegue parar a clase, estaremos a reforzar esas condutas. A demostración de poder que pode significar iso diante dos iguais é un reforzador moito máis poderoso que calquera motivación positiva ou ameaza que o profesorado poida utilizar. Con algúns alumnos o feito de pasar ao seu lado, un sinal ou unha indicación silenciosa van ser moito máis efectivas que unha ameaza verbal. Ademais, pode conseguirse o cese da conduta perturbadora sen alterar a marcha da clase. Ocasionalmente, podemos chamalo individualmente e facerlle ver o inadecuado da súa conduta nunha entrevista individual; recordemos: os eloxios en público e as reprimendas en privado.

- Nunca debemos entrar nunha discusión co alumno diante da clase.Discutir cun alumno disruptivo diante dos seus iguais significa provocar unha escalada do conflito, xa que entramos nunha dinámica de enfrontamento na que un dos dous debe resultar gañador e o alumno non consentirá en perder a batalla diante dos seus compañeiros. Se non é unha intervención absolutamente imprescindible (o alumno pode causar lesións ou danos inmediatos a outro alumno), debemos evitar o contacto físico co alumno conflitivo. Se o alumno se nega a saír da clase, se nos ameaza a nós ou ao resto do alumnado, etc, sempre é preferible que un profesor ou membro de equipo directivo non implicado directamente

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

en conflito, serenos e tranquilos, se encarguen de atender o alumno.

- Non debemos retar, desafiar ou ameazar un alumno diante da clase. Se un alumno protesta ás nosas indicacións ou nos reta abertamente evitemos caer na provocación e entrar nunha situación de descontrol. Perder os papeis por parte do profesor e entrar nun estado de enfado incontrolado pode supoñer moitas horas de traballo para recuperar a relación normal co grupo. Invitemos serenamente ao alumno a que abandone a aula por un tempo para tranquilizarse. Se o alumno se resiste, fagamos que alguén chame un profesor ou membro do equipo directivo para que se faga cargo del.

- Sexa cál sexa o nivel ao que chegue a disrupción, intentemos abordar o problema posteriormente nunha entrevista individual na que se analice o problema co alumno nun ambiente calmado e tranquilo, mostrándonos seguros á hora de condenar a conduta disruptiva pero trasladando sempre que se comprende e se acepta a persoa e inténtase buscar unha saída airosa para o implicado e propostas positivas para o futuro.

- Sexa cal sexa o problema, ter en conta que non estamos sós e non debemos actuar pola nosa conta. Contemos o noso problema e pidamos axuda e orientación aos compañeiros, equipo directivo, orientadora, etc.

En resumo, recollemos un listado de boas prácticas e medidas que nos poden axudar á hora de abordar a disrupción.

- Reforzos positivos (eloxios verbais e de mirada, recoñecemento do traballo, ánimo, proximidade corporal,...).
- Levar a clase organizada: que se vai traballar? , con que material ? ...
- Adecuada organización do espazo para desenvolver a tarefa programada.
- Utilizar as quendas de palabra para participar (aprender a escoitar).
- Informar e, a ser posible, negociar a proposta metodolóxica.
- Manter boas relacións interpersoais co alumnado.
- Presión (esixencia de resultados e esforzo na tarefa), atracción (intercalar actividades distendidas), pausas (cambio de actividade).
- Efectuar xestos e miradas que indiquen a conduta desexada.
- Realizar indicacións centradas na tarefa, non tanto na persoa.
- Non outorgar atención ás condutas de disrupción leve.
- Silencio do profesor ante a dispersión da aula.
- Invadir territorio, achegamento á zona ou alumno disruptivo.
- Chamar a atención de forma seria e breve.
- Utilizar o humor, non o sarcasmo.
- Explicitar de forma breve as consecuencias derivadas da conduta inadecuada.
- Bombardeo de ideas (batería de preguntas sobre o exposto en clase, preguntas selectivas

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

de acordo cun nivel de competencia).

- Reflexión grupal sobre o acontecido; pregunta ao grupo: que pasa hoxe?.
- Diferentes formas de agrupacións.
- Utilizar diferentes metodoloxías para atender aos diferentes estilos de aprendizaxe.
- Estar atento para supervisar e controlar posibles desaxustes antes de que aconteza a disrupción.
- Promover a aprendizaxe entre iguais e a cooperación.
- Utilizar diversas estratexias de avaliación.
- Promover o éxito, recoñecer as boas accións.
- Recurso de control: axenda do alumno para control do traballo e para transmitir información aos pais con "recibín".
- Cambiar de sitio.
- Retirar da zona ou das persoas que reforzan a mala conduta.
- Tempo fora.
- Breve charla individual co alumno ao finalizar a clase.
- Perda do recreo.
- Entrevista co titor.
- Poñer unha nota á familia coas dificultades que están a aparecer.
- Falar coa familia.
- Facer un parte (amoestación).
- Enviar á aula de convivencia.

E como condutas do profesorado que poden favorecer a disrupción sinalaremos:

- Non chegar a tempo.
- Saír antes.
- Falta de respecto ao alumnado.
- Non levar a clase preparada.
- Non propiciar participación.
- Magnificar os fracasos do alumnado.
- Invisibilidade do éxito.
- Non escoitar.
- Non ser obxectivo ao resolver conflitos.
- Ter o alumnado na mesma disposición todos os períodos lectivos.

5.3.5.3. Actuación ante unha conduta disruptiva.

Cando un alumno non debe continuar en clase porque o seu mal comportamento reiterado impide o axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe procederase do seguinte modo:

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

- O alumno irá á aula de convivencia acompañado doutro profesor.
- É condición para que o alumno abandone a aula que o profesor cubra o parte de incidencias.
- Na citada dependencia o profesor de garda abordará co alumno o acontecido. Enviará ao alumno á aula ordinaria cando considere.
- O alumno traerá asinado de casa o seguinte día lectivo copia do parte de comunicación ás familias da disrupción.
- Unha vez asinado será entregado á xefatura de estudos.
- Aplicaranse as medidas correctoras que procedan por quen corresponda.

## 6. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

No seguinte link poderemos atopar toda a documentación que a Consellería ofrece no tratamento do protocolo de Acoso escolar.

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceebarcia/system/files/PROTOCOLO%20ACOSO%20ESCOLAR_0.pdf

Deste xeito podemos establecer cales son os criterios de identificación do acoso escolar. Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

### 6.1. Criterios diagnósticos.

1. A existencia de intención de facer dano

‣ Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

2. A repetición das condutas agresivas

‣ A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. ‣ Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

‣ É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

3. A duración no tempo

‣ Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

‣ Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Son situacións de desigualdade e de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

### 6.2. Protocolo de Actuación.

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de

acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación.

En consecuencia, este protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar ten un carácter básico e precisa da corresponsabilidade da comunidade educativa na xestión dos conflitos, o que supón a revisión e optimización das canles de información, comunicación e participación, a revisión e actualización dos documentos institucionais e o fomento das relacións con outros axentes sociais (servizos sociais, sanitarios, policiais, xurídicos...).

**6.3. Fases.**

- FASE PRIMEIRA: COÑECEMENTO, IDENTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN DA SITUACIÓN.




- FASE SEGUNDA: RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E REXISTRO.



‣ FASE TERCEIRA: ANÁLISE DA INFORMACIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS. ‣ FASE CUARTA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.




- FASE CUARTA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS




### 6.4. Anexos das diferentes fases

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# Anexo 1. COMUNICACIÓN SOBRE UNHA POSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

## Datos do centro educativo

| | |
|---|---|
| Nome do centro | Código do centro |

## Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar

| | | |
|---|---|---|
| □ Profesor ou profesora do grupo | □ Persoa agredida | □ Servizos médicos |
| □ Outro profesorado | □ Outras alumnas ou outros alumnos | □ Servizos sociais |
| □ Titor ou titora | □ Familiares do/da alumno/a agredido/a | □ Outros (especifíquese): |
| □ Orientadora ou orientador | □ Denuncia anónima | |
| □ Persoal non docente | □ Persoa observadora/espectadora externa | |

## Vía de coñecemento e comunicación da situación

| | |
|---|---|
| □ Observación directa | □ Titoría de pais/nais (PAT) |
| □ Caixa de suxestións do centro | □ A través dun medio telemático (especifíquese): |
| □ Reunión de titores de nivel/ciclo (PAT) | □ Outros (especifíquese): |
| □ Titoría de alumnado (PAT) | |

## Posible vítima

| | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |

## Posible agresor/a

| | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |

| |
|---|
| 1.º<br><br>2.º |

## Breve descrición dos feitos (debe concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar)

....................................., ......... de .......................... de ..............

Sinatura 1 (persoa que comunica a situación*)     Sinatura 2 (persoa receptora da demanda)

* No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsabledа dirección do centro, como persoa que rexistra a situación.

# Anexo 2. NOMEAMENTO DA PERSOA RESPONSABLE DA ATENCIÓN E APOIO Á PRESUNTA VÍTIMA

O responsable da atención e apoio á presunta vítima será, preferentemente, unha persoa con formación e sensibilidade coa temática e, sobre todo, que sexa de confianza para a vítima. Pode ser o orientador ou orientadora do centro, un profesor ou unha profesora membro da comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora próximo.

*Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos do docente):*

.......................................................................................................................................................................................

*Como profesor/a que é do CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo/a alumno/a ........................................................................................, a dirección do centro decidiu que sexa vostede a persoa que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable de acompañar a posible vítima e de lle servir de axuda durante todo o proceso do citado protocolo e, de ser o caso, no transcurso da tramitación do expediente que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.*

*Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os primeiros contactos de acompañamento e axuda ao/á alumno/a mencionado/a. Da información que poida obter deste acompañamento e que se considere relevante para o esclarecemento dos feitos, manterá informada a persoa responsable da tramitación e/ou a persoa que ocupa a dirección do centro.*

*Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.*

...................................., ......... de .......................... de ……………

Sinatura

(O/A director/a)

Recibín

(Sinatura da persoa nomeada)

# Anexo 3. PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA PRESUNTA VÍTIMA

*Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):*

.........................................................................................................................................................................................................

*Como persoa responsable da dirección do ......................................................................................................... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a ser sufrida polo/a seu/súa fillo/a ……………………………………………………………………………….. (nome do/a alumno/a), segundo a información recibida nesta dirección ......................................................................................................... (facer mención expresa da comunicación de posible acoso, do medio empregado e da data en que se efectuou), e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día ................................. (día/mes/ano), ás .........................(horas), na ………………………….. (lugar) deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro para a protección do/a seu/súa fillo/a e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.*

*As medidas provisionais para a súa protección, adoptadas ante a posible gravidade das condutas consisten en: ...*

*1.*

*2.*

*...*

*Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha nova entrevista.*

*Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/ súa fillo/a.*

....................................., ......... de .......................... de ……………

Sinatura

(O director) Recibín e fun informado/a(Sinatura/s do/dos representante/s legal/is do/da alumno/a )

# Anexo 4. PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA/DAS PERSOA/S PRESUNTA/S AGRESORA/S

*Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):*

..................................................................................................................................................................................................

*Como persoa responsable da dirección do ... ………………………………………………………..(nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar na que aparece implicado/a o/a seu/súa fillo/a ………………………………………………………………………………. (nome do/a alumno/a), segundo a información recibida nesta dirección ............................................................................ (facer mención expresa da comunicación de posible acoso, do medio empregado e da data en que se efectuou), e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día …………………………... (día/mes/ano), ás …………………... (horas), na ……………………….. (lugar) deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.*

*As medidas provisionais, adoptadas ante a aparente gravidade das condutas, consisten en:*

*1.*

*2.*

*...*

*Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha entrevista.*

*Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.*

*....................................., ......... de .......................... de ……………*

| Sinatura | Recibín e fun informado/a |
|---|---|
| (O/A director/a) | (Sinatura/s do/dos representante/s legal/is do/da alumno/a ) |

# Anexo 5. NOMEAMENTO DA PERSOA RESPONSABLE DAS INDAGACIÓNS PREVIAS

O responsable das indagacións previas será, preferentemente, unha persoa con formación e sensibilidade coa temática. Pode ser o orientador ou a orientadora do centro, un profesor o unha profesora membro da comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora.

*Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos do docente):*

.......................................................................................................................................................................................................

*Como profesor/a que é do ... CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia dunha posible situación de acoso escolar sufrida polo/a alumno/a ………………………………………………………………., a dirección do centro decidiu que sexa vostede o que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable da posta en marcha das actuacións recollidas no citado protocolo e, de ser o caso, da tramitación do expediente que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.*

*Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do nome do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os trámites oportunos e manteña informada de todas as actuacións efectuadas á persoa que ocupa a dirección do centro.*

*Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día .......................... (día/mes/ano), ás .................... (horas), na……………………deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.*

*....................................., ......... de .......................... de ……………*

| Sinatura | Recibín |
|---|---|
| (O/A director/a) | (Sinatura da persoa nomeada) |

# Anexo 6. COMUNICACIÓN A OUTROS PROFESIONAIS EDUCATIVOS E/ OU AXENTES EXTERNOS

Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos do profesional a quen vai dirixida e do que se solicita colaboración), membro do ... (nome do organismo, EOE, Inspección):

Como persoa responsable da dirección do ...(nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción da denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a sufrir un/unha alumno/a deste centro educativo, solicitamos a súa colaboración para:

| |
|---|
| □ Recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centroante situacións deste tipo. |
| □ Solicitar o seu apoio técnico, necesario para un adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro antesituacións deste tipo. |
| □ Outros motivos: ... |

Por esta razón, convócoo/a a unha reunión urxente que se realizará o próximo día... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación e solicitar a súa colaboración nalgúns aspectos do protocolo que se está a desenvolver.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan requirir do seu coñecemento para a adopción de actuacións que complementen o protocolo posto en marcha polo centro educativo.

...................................., ......... de .......................... de ..............

| Sinatura | Recibín e fun informado/a |
|---|---|
| (O/A director/a) | (Sinatura da persoa da que se solicita colaboración) |

# Anexo 7. RECOLLIDA INICIAL DE INFORMACIÓN

## Datos do centro educativo

| *Nome do centro* | *Código do centro* |
|---|---|
| | |

## Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar

## Data do requirimento da intervención (día/mes/ano)

## Posible vítima

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
|---|---|---|

## Posible agresor/a

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
|---|---|---|

## Tipo da agresión denunciada

| **Verbal** | **Física** |
|---|---|
| A. Alcumes ofensivos<br>B. Insultos<br>C. Calumnia, desprestixio, falar mal de alguén<br>D. Provocacións<br>E. Ridiculización pública<br>F. Outros | A. Incomodar (empurróns, agresións leves)<br>B. Pegar, agresións importantes<br>C. Agachar cousas<br>D. Romper cousas<br>E. Roubar cousas<br>F. Outros |
| **Social** | **Maltrato mixto** |
| 1. Non dirixirlle a palabra<br>2. Illar no grupo e/ou no centro<br>3. Ignorar<br>4. Non deixar participar<br>5. Ridiculizar as súas opinións, aspecto etc.<br>6. Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc.<br>7. Outros ... | a) Ameazas<br>b) Chantaxe<br>c) Extorsión, obrigar a facer algo con ameazas<br>d) Intimidacións<br>e) Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc.<br>f) Outros ... |
| **Acoso ou abuso sexual** | **Outros** |
| a) Si □ Non<br>b) Físico □ Verbal | □ ...<br>□ ... |
| **Novas tecnoloxías** | |
| • Mensaxes ao móbil<br>• Chamadas anónimas ao móbil<br>• Mensaxes electrónicos<br>• Utilización da imaxe | 1. Gravacións de sucesos<br>2. Mensaxes nas redes sociais<br>3. Difamación nas redes sociais<br>4. Outros |

CEIP PLURILINGÜE
WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## Lugares e momentos onde se produce o maltrato

| | |
|---|---|
| 1. No patio | a) Na clase, en ausencia do/a profesor/a |
| 2. Nos corredores | b) Na clase, cando o profesor está cara ao encerado para explicar |
| 3. Nos baños | c) Na clase, cando o profesor está a atender a algún/ha alumno/a |
| 4. Nos vestiarios do ximnasio | d) No móbil, cando está na clase (wsp ou sms) |
| 5. No recreo | e) No móbil, cando está na casa (wsp ou sms) |
| 6. Nas entradas do centro | Por Internet, cando está no centro (redes sociais, chat ou correoelectrónico) |
| 7. Nas saídas do centro | Por Internet, cando está na casa (redes sociais, chat ou correoelectrónico) |
| 8. No comedor escolar | Por Internet, cando está en lugares de ocio (redes sociais, chat oucorreo electrónico) |
| 9. No transporte escolar | i) Outros: ... |
| 10. No camiño da casa ao centro | |
| 11. No exterior do contorno do centro (lugares de ocio e do barrio) | |
| 12. Na fila de entrada á clase | |
| 13. Nos cambios de clase | |

## Características do acoso que se detectan

| Característica | Si | Non | Non sabe/ Non contesta |
|---|---|---|---|
| □ Indefensión (1) | □ | □ | □ |
| □ Desequilibrio de poder (2) | □ | □ | □ |
| □ Repetición (3) | □ | □ | □ |
| □ Personalización (4) | □ | □ | □ |
| □ Invisibilidade (5) | □ | □ | □ |
| □ Outros (6) | □ | □ | □ |

## Observacións

- *Indefensión: a vítima non responde ao maltrato, cala, amosa temor ao falar, no quere ir ao centro, cede ás ameazas e chantaxes.*
- *Desequilibrio de poder: a persoa agresora actúa en grupo, ten máis forza física, idade ou poder ca a vítima, presume das súas falcatruadas ante o grupo, considera mexericas a vítima.*
- *Repetición: dedúcese do número de ocasións en que se produce o acoso e/ou da súa duración no tempo.*
- *Personalización: a vítima é sempre a mesma, elíxese algunha característica súa diferencial e etiquétase.*
- *Invisibilidade: o acoso prodúcese en ausencia de adultos ou en lugares (baños, vestiarios, recreos, entradas/saídas) de máis difícil control.*
- *Outros: existe documentación escrita de inxurias (mensaxes de teléfono, Internet…), de lesións físicas ou hai evidencias destas lesións.*

## *Feitos observados*

| Data e lugar de realización | Conduta observada | Implicados e testemuñas |
|---|---|---|
| | | |
| | | |

……………………………….., ……… de …………………….. de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable das averiguacións previas)

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# Anexo 8. ENTREVISTA COA PRESUNTA VÍTIMA

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da posible vítima, así como tranquilizala e romper o seu illamento social, á vez que se lle amosa apoio e protección.

A persoa que empregue este cuestionario deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitudereceptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Debe contrastarse a veracidade da sospeita ao mesmo tempo que ofrecer apoio e escoita.

Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos facilitar a súa comunicación cunha actitude comprensiva, deixándoa falar e aproximándose asertivamente, e que non se sinta cuestionada.

Debemos iniciar esta entrevista con preguntas xenéricas, abertas, de forma indirecta, de xeito que se relaxe e establecer un ambiente distendido, para logo centrar a entrevista nos supostos feitos e gañar a confianza do interlocutor (frases do tipo "estamos aquí para axudarche", "todo o que falemos queda entre nós", "non tes que sentirte culpable do que che pasa"... Nos casos de ciberacoso sexista e/ou sexual, preguntarase sobre contidos deste tipo de acoso para verificalo). Rematarase amosandounha actitude tranquilizadora (frases do tipo: "esta situación vai cambiar", "non estás só/soa nisto", "podémosche axudar"...).

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de seguridade para a posible vítima.

## Datos persoais da presunta vítima

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
|---|---|---|

## Preguntas para a recollida dunha información inicial e rexistro das respostas

As respostas permitirán saber como é a situación da presunta vítima no centro.

| **Preguntas tipo** | **Respostas** |
|---|---|
| Como te atopas na clase? | |
| Sénteste integrado/a no centro? | |
| Tes amigos/as? | |
| Como son as relacións cos teus compañeiros e coas túascompañeiras? | |
| Como son as relacións co profesorado? | |
| E co persoal non docente? | |
| Sabes en que consiste o acoso? | |
| Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son asmáis habituais? | |
| Por que cres que se dan este tipo de situacións? | |
| Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión? | |
| ... | |
| ... | |
| .. | |

## Preguntas para a análise da situación ocorrida e rexistro das respostas

Trátase de que a presunta vítima faga un relato do suceso no que se ve implicada.

| **Preguntas persoais** | **Respostas** |
|---|---|
| Que foi o que aconteceu? | |
| Cando sucederon os feitos? | |
| Onde sucederon os feitos? | |
| Repetiuse esta situación noutras ocasións? | |
| Desde cando ocorre esta situación? | |
| Como te sentes ante estes sucesos? | |
| Que fas ti para evitar o conflito? | |
| Que fas ti cando ocorre? | |
| Que fas ti para solucionar o ocorrido? | |
| Que pensas que se podería facer para evitar que sereproducise unha situación similar? | |
| ... | |
| ... | |

| **Preguntas persoais específicas do ciberacoso** | **Respostas** |
|---|---|
| Souben que hai mozos e mozas que se están a meter conoutros/as por medio do móbil e de Internet. Ti sabes algo? | |
| Que opinas disto? Por que cres que o fan? | |
| Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Quepensas que podería facer? | |
| Coñeces a alguén que lle estea pasando? | |
| Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufraburlas? | |
| Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que nonpodemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Ocorreuche algunha vez a ti? Estache a pasar? | |
| O problema é con Internet ou co teléfono móbil? Redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms,youtube…? | |
| ... | |
| --- | |
| **Preguntas sobre a/as persoa/s presuntamente acosadora/s** | **Respostas** |
| Sabes quen é a persoa que está a facer isto? É unha persoasoa ou son varias? | |
| Como o sabes? Adoita ser moi difícil saber quen fai estascousas, non? | |
| A que se debe que o fixese ou fixesen? | |
| ... | |
| --- | |
| **Preguntas sobre as persoas observadoras/espectadoras** | **Respostas** |
| Hai máis persoas que o saben? Quen máis coñece asituación? | |
| Por que o sabe? Contáchesllo ti? | |
| Onde estaba esa persoa cando sucederon os feitos? | |
| Como reaccionou ou reaccionaron as persoas que estabanpresentes? | |
| ... | |
| ... | |
| **Preguntas sobre as propostas da presunta vítima** | **Respostas** |
| Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou adirección para solucionar o problema? | |
| ... | |
| ... | |

CEIP PLURILINGÜE
WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## Comunicación de accións

Resumo da información á presunta vítima sobre as medidas urxentes de protección que se poden poñer enmarcha para tranquilizala..

| Medidas urxentes de protección á presunta vítima |
|---|
| 1. ... |
| • ... |
| 1. ... |

....................................., ......... de ........................... de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 9. ENTREVISTA COA/S PERSOA/S PRESUNTAMENTE ACOSADORA/S

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da/das posible/s persoa/s agresora/s, amosándolle/s a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias da súa conduta. No caso de seren varias as persoas posibles acosadoras, faráselle unha entrevista individual a cada unha delas e por separado, intentando que non se comuniquen entre elas ata que se entreviste a todas. Previamente, deberáselle facer a entrevista á vítima.

A persoa que faga esta entrevista deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información, adecuándoa ás características da situación e do/a agresor/a (líder, cómplice...). Deberá deixar claro que está contrastando a veracidade da sospeita e que se pretende escoitar a todas as partes, sen que apersoa entrevistada se sinta cuestionada.

Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos manter unha actitude firme, non sermonar, non adiantar información e buscar un tempo e un espazo adecuados que faciliten a comunicación nun ambiente distendido.

Debemos iniciar esta entrevista de forma xenérica, con preguntas abertas e indirectas, preguntando pola vítima, amosando certo coñecemento da situación, partindo de preguntas xenéricas e menos comprometidas para logo centrarse no tema e chegar a preguntas máis específicas e difíciles, amosando certa empatía para provocar a apertura do interlocutor, e rematar deixando claro que o centro non é neutral (frases do tipo: “no noso centro non se permiten estas condutas”). Debemos comunicarlle as medidas que se poden adoptar e deixar aberta a posibilidade de que o/a agresor/a amose arrepentimento, tendo en conta a vontade da vítima.

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

## Datos persoais da persoa presuntamente acosadora

| Nome e apelidos (ou iniciais destes) | Curso e grupo | Sexo<br>□ Muller □ Home |
|---|---|---|

## Preguntas para a recollida dunha información inicial e rexistro das respostas

As respostas permitirán saber como é a situación da persoa presuntamente acosadora no centro.

| Preguntas tipo | Respostas |
|---|---|
| Como te atopas na clase? | |
| Sénteste integrado/a no centro? | |
| Tes amigos/as? | |
| Como son as relacións co profesorado? | |
| E co persoal non docente? | |
| Sabes en que consiste o acoso? | |
| Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son asmáis habituais? | |
| Por que cres que se dan este tipo de situacións? | |
| Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión? | |
| ... | |
| ... | |

## Preguntas para a análise da situación ocorrida e rexistro das respostas

Trátase de que a persoa presuntamente acosadora faga un relato do suceso no que se ve implicada.

| Preguntas tipo | Respostas |
|---|---|
| Molestaches a algún compañeiro ou compañeira nos últimos días? | |
| Es amigo/a de .....? | |
| Sabes se lle pasa algo? | |
| Deixádelo/a de lado? Por que o facedes? | |
| A ti cónstache que haxa algún motivo ou que pasase algoimportante? | |
| Que foi o que aconteceu? | |
| Onde sucederon os feitos? | |
| Dende cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense? | |
| A que foi debida esta situación? | |
| Pensas que é motivo para que se metan con el ou con ela? | |
| Como te sentirías ti no seu lugar? Que fai esa persoa? Cres que lloconta a alguén? | |
| Pensas que se puido evitar? | |
| Que fan as persoas que te rodean para evitar esta situación?Cóntanllo a alguén? | |
| Os demais fan algo para axudarlle? E para axudarche a ti?Necesitas axuda ti tamén? | |
| Como pensas que se podería solucionar o problema? | |
| Cal é o teu compromiso para levar adiante esta solución? | |

| Preguntas específicas do ciberacoso | Respostas |
|---|---|
| Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outrospor medio do móbil e de Internet. Ti sabes algo? | |
| Que opinas disto? Por que cres que o fan? | |
| Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensasque podería facer? | |
| Coñeces a alguén que lle estea pasando? | |
| Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas? | |
| Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Parece serque dende hai algúns días se está a producir unha situación destas,ti sabes algo? | |
| Cóntame algunhas cousas das que fixeches co móbil ou con Internet que creas que puidesen resultarlle desagradables a algúncompañeiro ou compañeira. | |
| Ocorreuche algunha vez a ti? E ti, fixéchelo algunha vez? | |
| Estás a facelo agora? Por que o fas? | |
| Para isto, utilizas Internet ou o teléfono móbil? Redes sociais,messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube…? | |
| Por que cres que non lle gusta o que fas? Como o sabes? Sabeesa persoa que es ti? | |
| Falo tamén na vida real, cara a cara? | |
| ... | |
| ... | |
| **Preguntas sobre as propostas da persoa presuntamente acosadora** | **Respostas** |
| Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou adirección para solucionar o problema? | |
| ... | |
| ... | |

## Comunicación de accións

Resumo da información ao/á presunto/a acosador/a das medidas urxentes de protección que se poden poñer enmarcha para frear a posible conduta incorrecta.

| Medidas urxentes de protección para frear a posible conduta incorrecta |
|---|
| 1. ... |
| 4. ... |
| • ... |

…………………………………, ……… de ……………………… de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 10. ENTREVISTA COAS PERSOAS OBSERVADORAS/ ESPECTADORAS

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva das persoas observadoras/ espectadoras, para poder revisala e contrastala coa información obtida do alumnado implicado directamente (posible vítima e persoa ou persoas presuntamente agresora/s), amosándolles a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias da conduta da persoa ou persoas posible/s agresora/s e a súa propia se non colaboran informando do acontecido.

No caso de ser varias as persoas observadoras/espectadoras, faráselle unha entrevista individual a cada unha delas e por separado, e intentarase que non se comuniquen entre elas ata que se entreviste a todas. Previamente, deberáselle facer a entrevista á presunta vítima.

A persoa que faga esta entrevista deberá amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Coidarase moito non adiantar información e buscar un tempo e espazo adecuados que faciliten a comunicación, á vez que se insistirá na confidencialidade da entrevista e na garantía do seu anonimato.

Debemos iniciar esta entrevista con preguntas xenéricas, abertas e de forma indirecta, partindo de preguntas menos comprometidas, preguntando pola presunta vítima, amosando certo coñecemento da situación para logo centrarse no tema e amosar empatía, co fin de provocar a apertura do interlocutor, e rematar con preguntas máis específicas e difíciles, deixando claro que o centro non é neutral (frases do tipo: “no noso centro non se permiten estas condutas) e que evitar o maltrato ou acoso escolar é unha responsabilidade de todos. Buscarase tamén a empatía das persoas observadoras/espectadoras coa suposta vítima.

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

## Datos persoais da persoa observadora/espectadora

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
|---|---|---|

## Preguntas para a recollida dunha información inicial e rexistro das respostas

As respostas permitirán saber como é a situación da persoa observadora no centro.

| **Preguntas tipo** | **Respostas** |
|---|---|
| Como te atopas na clase? | |
| Sénteste integrado/a no centro? | |
| Tes amigos/as? | |
| Como son as relacións cos teus compañeiros ecompañeiras? | |
| Mantédesvos en contacto, ademais de no centro, na rúa,por Internet ou por teléfono móbil? | |
| Como son as relacións co profesorado? | |
| E co persoal non docente? | |
| Sabes en que consiste o acoso? | |
| Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son asmáis habituais? | |
| Por que cres que se dan este tipo de situacións? | |
| Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión? | |
| ... | |
| ... | |

## Preguntas para a análise da situación ocorrida e rexistro das respostas

Trátase de que faga un relato do suceso no que estaba como observador/espectador.

| **Preguntas tipo** | **Respostas** |
|---|---|
| Nos últimos días, fuches testemuña dalgunha destassituacións? Cal? | |
| Es amigo/a de..... ? | |
| Sabes se lle pasa algo? | |
| A ti cónstache que haxa algún motivo ou que pasase algoimportante? | |
| Que foi o que aconteceu? | |
| Onde sucederon os feitos? | |
| Dende cando ocorre esta situación? Son feitos illados ourepítense? | |
| Onde estabas cando aconteceu? | |
| A que foi debida esta situación? Por que cres quesucederon os feitos? | |
| Son simples bromas, queren molestar á outra persoa oumerecíao? | |

| | |
|---|---|
| Como cres que se sente? Como te sentirías ti se estivesesna súa situación? | |
| Como te sentes cando presenzas este tipo de situacións? | |
| Ocorreuche algunha vez a ti? E ti, fixéchelo algunha vez? | |
| Ti que farías na súa situación? | |
| Había alguén máis cando se produciu o incidente? | |
| Poderíase facer algo para solucionalo? | |
| Fixeches algo para evitar que se producise esta situación? | |
| Cantas persoas máis saben o que aconteceu? | |
| Que pensas que se podería facer para solucionar oproblema? | |
| Que estás disposto a facer ti? | |
| ... | |
| ... | |
| **Preguntas específicas do ciberacoso** | **Respostas** |
| Souben que hai mozos e mozas que se están a meter conoutros por medio do móbil e de Internet. Ti sabes algo? | |
| Que opinas disto? Por que cres que o fan? | |
| Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Quepensas que podería facer? | |
| Coñeces a alguén que lle estea pasando? | |
| Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufraburlas? | |
| Parece ser que dende hai algúns días se está a producirunha situación destas. Ti sabes algo? | |
| Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Se presenciaches algunha situación deste tipo, ti sabes por que empezou esta situación e que medios empregaron para acosar a ese amigo /compañeiro/coñecido (redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube…? | |
| ... | |
| ... | |
| **Preguntas sobre as propostas da persoa observadora/espectadora** | **Respostas** |
| Que pensas que debería facer o profesorado do centro oua dirección para solucionar o problema? | |
| ... | |
| ... | |

## Comunicación de accións

Resumo da información á persoa observadora/espectadora das medidas urxentes de protección adoptadas parafrear a posible conduta incorrecta e protexer a vítima.

| Medidas urxentes de protección para frear a posible conduta incorrecta e protexer a vítima |
|---|
| ... |
| ... |
| ... |

......................................, ......... de ........................... de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 11. ENTREVISTA Á FAMILIA DA POSIBLE VÍTIMA

***Convocatoria***

Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):

Como persoa responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar iniciado no ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de continuar co proceso facilitador do esclarecemento dos feitos nesta fase de indagacións previas.

Coa finalidade de recadar nova información referida a determinados aspectos da situación do/da seu/ súa fillo/a, convócoo a unha nova reunión o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro.

Así mesmo, continuarán sendo informados puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

...................................., ......... de .......................... de ..............

| Sinatura | Recibín e fun informado/a |
|---|---|
| (Persoa receptora da información, responsable da tramitación) | (Sinatura/s do/dos representante/s legal/is do/da alumno/a ) |

## ENTREVISTA Á FAMILIA DA POSIBLE VÍTIMA

### *Cuestionario*

A entrevista coa familia da presunta vítima debe ser especialmente coidadosa, coa finalidade de contrastar a veracidade dos feitos ao tempo que se lle ofrece apoio e escoita. É moi importante que non se sinta cuestionada e que perciba que o centro quere o mellor para o seu fillo ou a súa filla.

Débese comezar con preguntas xenéricas e abertas, intentando establecer un ambiente distendido, para logo continuar centrando a entrevista na situación de acoso, partindo de preguntas menos comprometidas ata chegar ás máis específicas e difíciles. En todo momento, débese intentar tranquilizar os familiares informándoos sobre os feitos que se están investigando e as actuacións inmediatas xa adoptadas no centro.

Pódese rematar a entrevista ofrecéndolles, verbalmente e por escrito, algúns consellos sobre como actuar dende a familia ante situacións deste tipo, buscando a maior colaboración posible durante todoo proceso.

Algunhas temáticas que se deberán recoller nas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

## Datos persoais do pai, nai ou persoa titora legal da presunta vítima

| *Nome e apelidos* | *DNI* | *Sexo*<br>☐ *Muller* ☐ *Home* |
|---|---|---|

## Preguntas para a recollida dunha información inicial e rexistro das respostas

| **Preguntas tipo** | **Respostas** |
|---|---|
| Relacións con outros compañeiros ou compañeiras, membros da familia… (medios que emprega): como levai no centro? Lévase ben cos compañeiros e/ou compañeiras? Están en contacto tamén co móbil e Internet? | |
| Estado de saúde e/ou emocional do seu fillo ou da súa filla (sono, apetito, sensibilidade...). Información sobre a posibilidade de recibir algún apoio externo especializado,de ser necesario. | |
| Aspectos destacables sobre o seu comportamento na casa ou noutros contextos diferentes ao centro educativo(illamento, medo, mutismo, comunicación…): notaron algún cambio recente no seu fillo ou na súa filla? Cal? | |
| Estamos a recibir noticias de que o seu fillo ou a súa fillapodería estar tendo problemas con Internet e/ou o móbil.Saben algo disto? Contoulle o seu fillo ou a súa filla algoao respecto? | |
| Actividades diarias do alumno ou da alumna (horarios, tempo de familia, tempo de estudo, tempo de ocio, horariode TV, horario de ordenador, actividades extraescolares…). Utiliza moito o móbil? Ten acceso a Internet dende o móbil? | |
| Actividades de ocio e tempo libre: ordenador, cine,deporte, lectura, videoxogos… | |
| Outras (as que se consideren de interese para completar información que conduza a esclarecer os feitos): cren quepoida estar sucedendo algo? Como que? Falaron con el ou ela? Que lles contou? Como cren que lle podemos axudar? | |
| ... | |
| ... | |
| ... | |
| ... | |

………………………………., ……… de ……………………… de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 12. ENTREVISTA Á FAMILIA DA/S POSIBLE/S PERSOA/S ACOSADORA/S

### *Convocatoria*

Estimado/a Señor/a ….. (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):

Como persoa responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar iniciado no ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de continuar co proceso facilitador do esclarecemento dos feitos nesta fase de averiguacións previas.

Coa finalidade de recadar nova información referida a determinados aspectos da situación do/da seu/ súa fillo/a, convócoo a unha nova reunión o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro.

Así mesmo, continuarán sendo informados puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

……………………………….., ……… de ……………………… de ……………

| Sinatura | Recibín e fun informado/a |
| --- | --- |
| (Persoa receptora da información, responsable da tramitación) | (Sinatura/s do/dos representante/s legal/is do/da alumno/a ) |

## ENTREVISTA Á FAMILIA DA/S POSIBLE/S PERSOA/S ACOSADORA/S

### *Cuestionario*

A entrevista coa familia ou familias da presunta persoa/s acosadora/s debe ser especialmente coidadosa, coa finalidade de contrastar a veracidade dos feitos ao tempo que se lle ofrece apoio e escoita. É moi importante que non se sinta cuestionada e que perciba que o centro quere o mellorpara o seu fillo ou a súa filla.

Débese comezar con preguntas xenéricas e abertas, intentando establecer un ambiente distendido, para logo continuar centrando a entrevista na situación de acoso, partindo de preguntas menos comprometidas ata chegar ás máis específicas e difíciles.

En todo momento, débese intentar tranquilizar os familiares informándoos sobre os feitos que seestán investigando e as actuacións xa adoptadas no centro. Asemade, débese evitar que se sintan culpables polo que poida facer o seu fillo ou a súa filla, e que cuestionen a persoa que está sendo a suposta vítima. Afirmaremos que este tipo de feitos non se poden permitir e que o centro vai desenvolver as actuacións que considere axeitadas para o ben do seu fillo ou da súa filla e do resto dos/das compañeiros/as. No caso de que se trate dunha situación de posible ciberacoso, é conveniente facerlles ver que Internet e o teléfono móbil son ferramentas moi potentes que poden causar graves danos dos que son corresponsables.

Pódese rematar a entrevista ofrecéndolles, verbalmente e por escrito, algúns consellos sobre como actuar dende a familia ante situacións deste tipo, buscando a maior colaboración posible durante todoo proceso.

Algunhas temáticas que se deberán recoller nas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostasque vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

## Datos persoais do pai, nai ou persoa titora legal da presunta persoa acosadora

| Nome e apelidos | DNI | Sexo<br>□ Muller □ Home |
|---|---|---|

## Preguntas para a recollida dunha información inicial e rexistro das respostas

| Preguntas tipo | Respostas |
|---|---|
| Relacións con outros compañeiros ou compañeiras, membros da familia… (medios que emprega): Como lle vai no centro? Lévase ben cos compañeiros e/ou compañeiras? Están en contacto tamén co móbil e Internet? | |
| Estado de saúde e/ou emocional do seu fillo ou da súa filla (sono, apetito, sensibilidade...). Información sobre a posibilidade de recibir algún apoio externo especializado,de ser necesario. | |
| Aspectos destacables sobre o seu comportamento na casa ou noutros contextos diferentes ao centro educativo(agresividade, mutismo, ocultación, mentira, falta de comunicación…): notaron algún cambio recente no seu fillo ou na súa filla? Cal? | |
| Estamos a recibir noticias de que o seu fillo ou a súa filla podería estar usando Internet ou o móbil para molestar a outro rapaz ou a outra rapaza. Saben algo disto? Contoulle o seu fillo ou filla algo ao respecto? Contóullelo a outras persoas da familia? A amigos ou amigas? | |
| Actividades diarias do alumno ou da alumna (horarios, tempo de familia, tempo de estudo, tempo de ocio, horariode TV, horario de ordenador, actividades extraescolares…). Utiliza moito o móbil? Ten acceso a Internet dende o móbil? | |
| Actividades de ocio e tempo libre: ordenador, cine,deporte, lectura, videoxogos… | |
| Outras (as que se consideren de interese para completar información que conduza a esclarecer os feitos): cren quepoida estar sucedendo algo? Como que? Falaron con el ou ela? Que lles contou? Como cren que lle podemos axudar? | |
| … | |
| … | |

………………………………, ……… de ……………………… de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 13. SOLICITUDE DE ASESORAMENTO E/OU APOIO TÉCNICO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO

Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos da persoa responsable da xefatura do departamento de orientación):

Como orientador/a que é do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo alumno/a ... (nome do/a alumno/a), solicitamos o seu asesoramento e/ou apoio técnico, de acordo co protocolo establecido ao respecto.

Será precisa a súa colaboración e/ou intervención para os seguintes aspectos:

| |
|---|
| □ Recompilar información que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro ante situacións deste tipo, especialmente no referido á adopción das medidas urxentes de protección á presunta vítima. |
| □ No caso de determinación da apertura dun expediente, colaborar na elaboración da resolución, orientando a persoa instrutora na adopción das medidas reeducadoras e correctoras que puidesen impoñerse. |
| □ Solicitar o seu apoio técnico, necesario para a estruturación das entrevistas que se lles van realizar aosimplicados, tal como se establece no citado protocolo. |
| □ Outros motivos: ... |

Polo que, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación e solicitar a súa colaboración.

...................................., ......... de .......................... de ..............

| Sinatura | Recibín |
|---|---|
| (Persoa responsable da tramitación ou o/a director/a) | (Persoa responsable da xefatura do departamento de orientación) |

# Anexo 14. SOLICITUDE DE ASESORAMENTO E/OU APOIO TÉCNICO A OUTROS ORGANISMOS

Estimado/a Señor/a ... (nome e apelidos da persoa responsable de ...):

Como ... (cargo no organismo que se consulta) do ... (nome do organismo ao que nos diriximos), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido por un/unha alumno/a do ... (nome do centro educativo), solicitamos o seu asesoramento e/ou apoio técnico, de acordo co protocolo establecido ao respecto.

Será precisa a súa colaboración e/ou intervención para os seguintes aspectos:

| |
|---|
| □ Recompilar información que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro ante situacións deste tipo, especialmente no referido á adopción das medidas que poidan extralimitar o contorno educativo. |
| □ Solicitar o seu apoio técnico, necesario para a estruturación das entrevistas que se lles van realizar aosimplicados, sobre todo no contorno das súas familias, tal como se establece no citado protocolo. |
| □ Outros motivos: ... |

Polo que, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación e solicitar a súa colaboración.

...................................., ......... de .......................... de ...............

| Sinatura | Recibín |
|---|---|
| (O/A director/a) | (Sinatura da persoa representante do organismo) |

# Anexo 15. ANÁLISE DA INFORMACIÓN

## Datos do centro docente

| | |
|---|---|
| *Nome* | *Código* |
| *Enderezo* | |
| *Responsable da dirección* | |

## Breve descrición dos feitos (data de coñecemento, tipo de incidencia, lugar...)

| Feito | Medio/Forma | Lugar | Data |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

## Observacións

| |
|---|
| |

## Datos do alumnado implicado

| Datos da presunta vítima | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos* | | |
| *Curso/Grupo* | *Idade* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
| *Representante legal 1* | *DNI* | *Parentesco* |
| *Representante legal 2* | *DNI* | *Parentesco* |

| Datos do/da presunto/a agresor/a | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos* | | |
| *Curso/Grupo* | *Idade* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
| *Representante legal 1* | *DNI* | *Parentesco* |
| *Representante legal 2* | *DNI* | *Parentesco* |
| *Nome e apelidos* | | |
| *Curso/Grupo* | *Idade* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
| *Representante legal 1* | *DNI* | *Parentesco* |
| *Representante legal 2* | *DNI* | *Parentesco* |

| **Datos do alumnado observador/espectador** | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos* | | |
| *Curso/Grupo* | *Idade* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
| *Nome e apelidos* | | |
| *Curso/Grupo* | *Idade* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |
| *Nome e apelidos* | | |
| *Curso/Grupo* | *Idade* | *Sexo*<br>□ *Muller* □ *Home* |

| **Datos doutros posibles observadores** | **Cargo/Posto** |
|---|---|
| *Nome e apelidos* | |
| *Nome e apelidos* | |
| *Nome e apelidos* | |

## Datos dos profesionais implicados

| **Nome e apelidos** | **Cargo/Posto** |
|---|---|
| *Director/a* | |
| *Responsable atención/apoio á vítima* | |
| *Responsable tramitación protocolo* | |
| *Instrutor/a do expediente* | |
| *Departamento de orientación* | |
| *Outros profesionais do centro* | |
| *Outros profesionais externos* | |
| *Outros* | |

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## Medidas adoptadas de protección e control

| Persoa obxecto da medida | Medidas |
|---|---|
| A presunta vítima | |
| A/as presunta/s persoa/s agresora/s | |
| O alumnado observador/espectador | |

## Actuacións desenvolvidas

| Entrevistas | | Nome e apelidos | Data |
|---|---|---|---|
| Presunta vítima | Alumno/a | | |
| | Familia | | |
| Presunto/s agresor/es | Alumno/a | | |
| | Familia | | |
| | Alumno/a | | |
| | Familia | | |
| | Alumno/a | | |
| | Familia | | |
| Alumnado observador/espectador | Alumno/a | | |
| | Alumno/a | | |
| | Alumno/a | | |
| Outros profesionais do centro e/ouexternos | | | |
| Outros profesionais do centro e/ouexternos | | | |
| Outros profesionais do centro e/ouexternos | | | |

| Outras actuacións (se son relevantes) | | |
|---|---|---|
| **Actuación** | **Información recollida (breve descrición)** | **Data** |
| | | |
| | | |
| | | |

**Observacións.** Recolleranse os aspectos que se consideren relevantes e non estean reflectidos nos apartados anteriores

| |
|---|
| |

## Conclusións e proposta

| Situación ou non de acoso escolar | |
|---|---|
| □ Confírmanse indicios suficientes dunha situación de acoso escolar e/ou ciberacoso, logo da análise da información recadada | □ Da análise da información recadada non se derivan indiciossuficientes da existencia de acoso |
| □ Proposta de inicio do expediente oportuno á dirección do centro | Proposta de revisión das medidas de prevención e sensibilizacióndo centro, en materia de convivencia, sobre todo:<br>• Plan de convivencia e normas de convivencia<br>• Normas de organización e funcionamento do centro<br>• Outras |
| Recomendación de comunicación a outros organismos (casos deespecial gravidade)<br>- Si (Indíquese cal/cales) …<br>- Non | |

……………………………….., ……… de ……………………… de ……………

Sinatura

(Persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 16. PROPOSTA DE MEDIDAS QUE HAI QUE ADOPTAR. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Proposta que lle fai a persoa responsable da tramitación á dirección do centro educativo. Estas medidas son continuación das adoptadas nun primeiro momento pola dirección do centro como medidas urxentes/cautelares ao inicio do procedemento.

## Datos do centro educativo

| | |
|---|---|
| *Nome* | *Código* |
| *Enderezo* | |
| *Responsable da dirección* | |

## Medidas propostas de protección á presunta vítima

| Medida | Grao de consecución | Avaliación |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

## Outras medidas

| Medida | Grao de consecución | Avaliación |
|---|---|---|
| **Co grupo-clase do alumnado implicado** | | |
| | | |
| | | |
| **Co alumnado observador/espectador** | | |
| | | |
| | | |
| **Coas familias do alumnado implicado** | | |
| | | |
| | | |
| **Coas familias do alumnado do centro en xeral** | | |
| | | |
| | | |
| **Co equipo docente do alumnado implicado** | | |
| | | |

| Medida | Grao de consecución | Avaliación |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| **Co equipo docente do centro en xeral** | | |
| | | |
| | | |

## Observacións

Recolleranse os aspectos que se consideren relevantes e non estean reflectidos nos apartados anteriores

| |
|---|
| |

…………………………………, ……… de ……………………… de ……………

Sinatura                                        Recibín

(Persoa responsable da tramitación)                                        (O/A director/a)

## 7. Concreción das actuacións, medidas, programas, persoas e procedementos.

Os protocolos que se achegan nos anexos establecen actuacións e procedementos para a maior parte da casuística que se pode dar nun centro escolar en canto á convivencia. Concretamos neste apartado aqueles programas e medidas que poden influír máis directamente na convivencia no centro.

### 7.1. Programas.

No noso centro temos en marcha distintos programas que inflúen directamente na convivencia:

- Programa de habilidades sociais.
- Programa para aprender a controlar as emocións.
- Programa de autoestima.
- Programa de acollida para alumnado e profesorado de novo ingreso.
- Programa de educación viaria.

O departamento de orientación é o responsable do deseño dos programas que se desenvolven en función das solicitudes do profesorado titor. O programa de educación viaria é responsabilidade do profesor de Educación Física quen fixo o deseño e implementación do mesmo ademais de levar a coordinación do programa. É precisa unha xeneralización dos mesmos e unha implicación maior de todo o profesorado neles.

### 7.2. Medidas para a concreción.

- Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisións utilizadas os órganos unipersoais e colexiados do centro para mellorar as estruturas e canles de participación.

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro.

- Impulsar a creación e a actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.

- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade.

- Revisión nos equipos, CCP e claustro, a primeira semana de setembro, das normas incluídas no plan e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado.

- Durante o mes de setembro dedicar tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as

normas do plan.

- Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
- Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.
- Deseño de actividades e formas de organización que posibiliten a participación do alumnado na formulación das normas do centro/aula.
- Colaboración do profesorado na implantación das normas establecidas para o adecuado funcionamento dos servizos (aulas, comedor, transporte...).
- Potenciar o funcionamento da comisión da convivencia.
- Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...) e mellorar as zonas de ocio (organizar grupos de xogo...).
- Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Establecer na programación xeral anual concrecións anuais de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensuados e asumidos por toda a comunidade educativa que terán como referencia o plan de convivencia.
- Programar nos respectivos equipos o calendario de actividades que hai que desenvolver para o logro dos obxectivos propostos na concreción anual do plan de mellora da convivencia, planificando espazos, tempos, instrumentos de avaliación e recursos necesarios.
- Incluír nas programacións dos diferentes departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
- Incorporar no plan de acción titorial actividades para analizar o clima de aula e establecer as normas de convivencia.
- Fixar trimestralmente obxectivos de traballo para os equipos didácticos.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.

- Utilizar asembleas de aula como sesións de información, debate e participación.

## 7.3. Procedementos.

No centro temos protocolos para diferentes procedementos. Os que seguen están dentro dos anexos a este plan.

- Compromiso de aprendizaxe
- Impreso de solicitude de mediación
- Guión para a premediación
- Guía da sesión de mediación
- Rexistro do proceso de mediación
- Rexistro de acordo de mediación
- Parte de incidencias
- Parte de comunicación ás familias da disrupción
- Ficha de reflexión
- Maltrato e acoso escolar. Comunicación da situación. Comunicación ao departamento de orientación, profesores, titor. Tramitación de expediente sobre acoso escolar. Comunicación á familia (tanto da vítima coma do agresor) Modelo de entrevista (alumnos, pais,...) Modelo de entrevista (pais, titores legais, outros,...)
- Cuestionario para o profesorado dos niveis dos alumnos implicados (relacións persoais e gripais)
- Maltrato e acoso escolar. Recollida de información
- Maltrato e acoso escolar. Informe do conflito e das medidas adoptadas
- Maltrato e acoso escolar. Comunicación á inspección educativa
- Maltrato e acoso escolar. Denuncia á fiscalía de menores
- Cuestionario para a avaliación das medidas e actuacións para mellorar a convivencia
- Cuestionario das actividades desenvolvidas para a promoción da convivencia

- Recollida de datos anual de incidencias relacionadas con condutas contrarias á convivencia
- Valoración da convivencia por parte do alumnado (5º-6º)
- Valoración das medidas que favorecen a convivencia (5º-6º)

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19  15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## 8. Normas de convivencia do centro.

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento. Deben conducir sempre a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados.

Polo tanto, a súa redacción deberá realizarse con espírito positivo e favorecedor da convivencia, e sempre en coherencia e respectando as normas nas que se ampara.

No  NOF do centro, no  TÍTULO V: NORMAS DE CONVIVENCIA, atopamos nos seus diferentes artigos todo aquilo que procura establecer unha boa convivencia no noso centro.

### 8.1. LEXISLACIÓN BÁSICA

- Constitución Española BOE núm. 311, de 29 de diciembre de 1978.
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio polo que se establecen os dereitos e os deberes dos alumnos e alumnas e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.(DOG, 21/10/96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97).
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31 de xullo de 1998)
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG27 de abril de 1998).
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Orde de 21 de Febreiro de 2007( DOG 5 de marzo de 2007). pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- R.D. 95/2022 que establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa
- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.
- Orde do 28 de xuño de 2010 que modifica o CAPÍTULO V, punto 1 da Orde do 22 de  xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG de 6 de xullo

de 2010)

- Orde do 23 de Xuño de 2011 polo que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente. (DOG 30/06/2011).
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG, 15/07/11).
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG 21/12/2011)
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- R.D 157/2022 que establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de Primaria.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG, 27/01/15). Derroga o Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- INSTRUCIÓN 2/2016 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2016-2017.
- Ley 39/2015 del Procedemento Administrativo Común
- Ley 40/2015 del Régimen Jurídico del Sector Público – Reedicción.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- RESOLUCIÓN de 6 de junio de 2023, de la Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria y bachillerato en el curso académico 2023/24.
- ORDE do 4 de xaneiro do 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.

## 8.2 OBXECTO E AMBITO DE APLICACIÓN

É totalmente fundamental que exista no Centro unha boa convivencia entre todos os membros da comunidade educativa na que abonde o diálogo, a participación e a información. Ao comezo de cada curso escolar, os mestres/as titores/as terán unha reunión pública cos pais/nais/titores/as legais dos seus alumnos/as. Esta reunión servirá, entre outras moitas cousas, de información para face-la labor titorial con cada familia nas tardes dos luns lectivos.

Tódolos asuntos importantes do Centro deben seguir sempre o vieiro: pai/nai/titores/as legais ou alumno/a-persoa titora-Xefe/a de Estudos-Equipo directivo-Claustro de Profesores-Consello Escolar e Administración educativa, cando sexa preciso.

Polo tanto, a aplicación das presentes normas afecta a:

- Todo o profesorado do centro calquera que sexa a súa situación administrativa.
- Todos os alumnos/as e aos seus país, nais ou titores/as legais desde que se matriculan no centro ata a súa baixa no mesmo.
- Todo o persoal non docente, contratado ou cedido por outras entidades.
- Todas aquelas persoas ou entidades que por calquera motivo e temporalmente utilicen servizos da comunidade escolar.

Segundo o Art.36 do Decreto 8/2015, deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

## 8.3. AULA DE CONVIVENCIA

A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras.

Intenta dar atención aos alumnos e alumnas que alteran a convivencia con situacións graves de conduta, que non poden ser atendidas e solucionadas de xeito inmediato no momento que ocorre o incidente.

O Profesorado atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da

aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación.

6.3.1. Criterios para a derivación á aula de convivencia.

- A conduta referida altere a convivencia escolar.
- O/a alumno/a derivado/a reciba previamente algunha corrección pola súa conduta e reincida no seu comportamento.
- O/a alumno/a presente deficiencias a nivel de relacións interpersoais, é dicir, que a súa actitude impida a realización das actividades escolares ou afecte a integración na aula. O/a alumno/a derivado/a considérase que incumpriu as condutas tipificadas como faltas graves nas normas de organización e funcionamento do centro.

6.3.2. Procedemento.

Puntualmente: conduta disruptiva:

- Levar ao alumno/a á aula de convivencia.
- Abrir un parte de incidencias (Plan de Convivencia-Anexos), especificando o tipo de conduta e o que se fixo sen éxito para corrixila.
- Poñer o feito en coñecemento dos pais/nais/titores/as legais enviando o modelo de comunicación da situación ás familias con rexistro de saída da secretaría do centro (Plan de Convivencia-Anexos) .
- Unha vez mantida a reunión co pais/nais/titores/as legais (pode ser por teléfono), cubrir datos da entrevista e entregar xunto co parte de incidencias á Xefatura de Estudos.

Como medida de corrección:

- Facer un informe polo mestre/a para Dirección e DO no que se determinen os motivos polos cales, o alumno/a debe ir á aula de convivencia e as accións que se levaron a cabo sen éxito.
- Unha vez analizada e tomada unha decisión por parte da Dirección e o DO, comunicaráselle á familia.
- Pasos a seguir co alumnado na aula:
  - Informe do titor/a ou X.E. dos datos do alumno/a, tipo de falta, tempo…(valorado polo DO).
  - Informe diario por horas. Cada profesor/a cubrirá uns apartados (Prof. de garda, data, hora,actitude do alumno/a e traballo realizado).
  - Informe final. O titor/a cubrirá o informe en base aos informes do diferente profesorado de garda, especificando a actitude e o aproveitamento do traballo polo alumnado.
  - O alumno/a traballará na aula de convivencia:
    + Folla de reflexión.(Entrégase á X.E.)Armario da aula de convivencia.
    + Actividades varias (Propostas polo DO e entregalas ao finalizar á X.E.).
    + Traballo de aula do docente que derivou ao alumno/a. (Armario da A.C.)
- Sempre que o alumno/a cometa , durante o tempo de permanencia na A.C., algún tipo de falta contra a convivencia, comunicarase cun novo parte de incidencias ao titor/a e á XE.

**8.4. ENAPAS (ESCOLA DE NAIS E PAIS)**

No desenvolvemento normativo actual, en materia de convivencia, amósase grande interese polo papel que as familias do noso alumnado desenvolven en todo o seu proceso educativo e, polo tanto, trátase de ofrecer diferentes vías de participación.

Tendo en conta este desenvolvemento normativo, cómpre indicar que o plan de convivencia de cada centro procurará facilitar a creación da escola de nais e país coa finalidade de propoñer iniciativas tendentes a previr e mellorar a convivencia, fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## 9. Establecemento de condutas contrarias a convivencia e das correccións

### 9.1. TIPIFICACIÓN DE CONDUCTAS

É necesario establecer a gradación das condutas contrarias as normas de convivencia, para iso terase en conta segundo o artigo 34 do decreto 8/2015:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
d) A natureza dos prexuízos causados.
e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

E deste xeito poder regular as medidas de corrección, artigo 29 da Lei 40/2015

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
b) A natureza dos prexuízos causados.
c) A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

O Procedemento corrector de condutas aparentemente contrarias ás normas de convivencia da Consellería pódese atopar no seguinte hipervínculo Procedemento corrector: mapa (pdf)

### 9.2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN (artigo 42 do Decreto 8/2015)

Condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

#### 9.2.1. Medidas correctoras e persoal competente para a súa aplicación.

Segundo o establecido no artigo 43 do decreto 8/2015, as medidas correctoras de aplicación son:

| Medida | Docente | Titor/a | Xef. estudos | Dirección |
|---|---|---|---|---|
| G. Amoestación privada ou por escrito. | X | X | X | X |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| H. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos . | X | X | X | X |
| I. Realización de traballos específicos en horario lectivo. | X | X | X | X |
| J. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. | | X | X | X |
| K. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. | | | X | X |
| L. Cambio de grupo por un período de ata unha semana. | | | X | X |
| M. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | | | | X |
| N. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | | | | X |

### 9.2.2. A prescrición das condutas leves.

Segundo o artigo 56 do decreto 8/2015, estas condutas prescriben nun mes. O cómputo do prazo comezará a contar desde o día en que a conduta se levou a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada. Nese caso o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

### 9.2.3. A mediación escolar.

Segundo o establecido no artigo 26 do decreto 8/2015, poderemos utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

### 9.2.4. Resolución

As medidas G) e H) establecidas no artigo 43 do decreto 8/2015 requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro. O resto das medidas non requiren de resolución expresa por escrito. Non obstante, no caso de entender que as condutas leves contrarias á convivencia que sancionan poderán ser tidas en conta para os efectos de determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves, haberá que facelo constar por escrito e comunicarllo á

persoa afectada ou ás súas persoas responsables, segundo proceda.

A reiteración ata tres faltas leves ten que producirse dentro do mesmo curso escolar. Aquelas condutas leves contrarias á convivencia que non consten previamente por escrito non poderán ser estimadas para estes efectos.

Dado que as condutas leves contrarias á convivencia prescriben no prazo dun mes desde a súa comisión, e que o decreto 8/2015 non establece que o inicio das actuacións suspenda, en modo ningún, este prazo de prescrición; e tendo en conta, así mesmo, que non se establece caducidade de modo expreso, podemos considerar que o prazo máximo do que se dispón é dun mes.

#### 9.2.5. Prescrición das medidas correctoras.

Segundo o artigo 56 do decreto 8/2015, prescriben aos catro meses da súa imposición.

### 9.3. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN(artigo 38 do decreto 8/2015).

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei

4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
l) O incumprimento das sancións impostas.

#### 9.3.1. Medidas correctoras.

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
c) Cambio de grupo.
d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f) Cambio de centro. (Artigo 40 do decreto 8/2015)

## 9.3.2. Imposición de medidas correctoras condutas graves.

| | |
|---|---|
| **Información previa** | Potestade do director/a para mellor coñecemento dos feitos e toma de decisión do procedemento a aplicar. |
| | Máximo 2 días lectivos para realización desde que se coñeceron os feitos. |
| **Designación de instrutor** | Acorda a designación:o director/a |
| | Docente con experiencia en convivencia. |
| **Medidas correctoras provisionais.** | Ao comezo do procedemento ou en calquera momento da súa instrución .<br>Decisión do director/a, a iniciativa propia ou a instancia do instrutor/a. |
| | Cambio temporal de grupo ou suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades por un período máximo de 3 días lectivos (D 8/2015)/ 5 días lectivos (L 4/2011). |
| | Notificación á nai, pai ou titor/a do alumno/a. |
| **Incoación do expediente** | Acordada polo director/a, por propia iniciativa, a petición motivada do profesorado-titor do alumno/a , a Xefatura de Estudos ou previa denuncia doutros membros da comunidade educativa. |
| **Decisión do procedemento a seguir** | • Conciliado/común<br>• Director/a asesorado, de ser el caso, polo orientador/a ou titor/a<br>• Dependendo de: Características da conduta e circunstancias en que se produza ,Idade, circunstancias persoais, familiares ou sociais e antecedentes en relación coa convivencia escolar. |
| **Casos nos que NON procede o procedemento conciliado** | • Conduta de especial e notoria gravidade.<br>• Xa se fixo uso deste procedemento durante o mesmo curso escolar co mesmo alumnado en conduta similar. |
| **Notificación da incoación.** | • Á nai/pai/titor/a do alumno/a, ou a este se é maior de idade.<br>• Á inspección educativa.<br>• Inclúe: a conduta que o motiva, as correccións que puideran corresponder.<br>• Profesor/a que actuará como instrutor/a, a posibilidade de seguir procedemento conciliado, se é o caso e a solicitude de aceptación. |
| **Solicitude de expresión de aceptación / non aceptación do procedemento** | PRAZOS (desde que se tivo coñecemento da conduta). Incoación do expediente. Decisión de procedemento a seguir. Designación de instrutor.<br>Notificación da incoación<br>• Máximo 3 días se non se fai proceso de información previa<br>• Se se utilizan 2 para información previa, máximo 1 día tras a finalización desta. |
| **Comunicación por escrito á dirección de aceptación procedemento** | Máximo no día lectivo seguinte á recepción da comunicación<br>O alumno/a e, no seu caso, os seus pais/nai ou os seus representantes legais poderán recusar ao instrutor/a ante o Director/a cando da súa conduta ou manifestacións poida inferirse falta de obxectividade na instrución do expediente en calquera momento da tramitación do procedemento. |

### 9.3.3. Procedementos

#### 9.3.3.1. Procedemento conciliado.

| | |
|---|---|
| **Requisitos.** | • O infractor/a recoñeza a gravidade da súa conduta e con propósito de emenda.<br>• O infractor/a,o agraviado/a e outros membros da comunidade educativa afectados/as pola conduta, se é o caso,deben tamén manifestar a súa conformidade.<br>• Require instrución dun procedemento corrector. |
| **Intervención dun mediador. Art.51 Decreto 8/2015** | • Voluntario/a ou nomeado/a pola dirección<br>• Non substitúe ao instrutor/a senón que colabora co no procedemento para lograr un achegamento entre os afectados e o consenso na medida correctora a aplicar. |
| **Desenvolvemento** | • Reunión dos afectados/as convocados polo director/a. Prazo máximo de 1 día lectivo desde aceptación deste procedemento.<br>• Conducida polo instrutor/a.<br>• Valoración/consideracións dos feitos/condutas polos presentes<br>• A persoa responsable da conduta debe:<br>○ Recoñecer a gravidade da súa conduta<br>○ Disposición de reparar o dano material ou moral causado<br>○ Compromiso de cumprir as medidas correctoras acordadas.<br>• Terase en conta petición de desculpas<br>• Acordo polos reunidos das medidas correctoras e, se é o caso, das medidas reparadoras.<br>• Constancia escrita da conformidade coas medidas do autor/agraviado e, se son menores, dos seus proxenitores ou representantes.<br>• Levantarase acta da reunión.<br>• Precísase a ratificación do acordo das partes pola dirección do centro.<br>• Cumprimento das medidas reparadoras/correctoras da lugar á finalización do procedemento. |
| **Final do procedemento conciliado. Inicio do procedemento común** | • No caso de que non se logre acordo .<br>• Por incumprimento das medidas correctoras acordadas. |

### 9.3.3.2. Procedemento común.

| | |
|---|---|
| **Aplicación** | • As características da conduta non fagan posible o procedemento conciliado.<br>• O alumnado ou proxenitores/titores/as legais opten por este .<br>• Non haxa acordo no procedemento conciliado<br>• Se incumpran as accións correctoras ou reparadoras |
| **Instrución** | • Formulará proposta de resolución<br>• Citará ao alumno/a e, se é menor de idade, á nai, pai ou titor/a legal, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo. Obrigación de comparecer.<br>• PRAZO INSTRUCCIÓN+ PROPOSTA+ CITACIÓN: 5 días lectivos desde a súa designación . |
| **Audiencia aos proxenitores/ titores/as legais/alumno /a** | • Prazo máximo de 3 días desde recepción da citación.<br>• Poderán acceder a todo o actuado.<br>• Levantarase acta.<br>• En caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado a todos os efectos legais.<br>• Todos o efectos legais. |
| **Resolución.** | • Ditada polo director/a.<br>• Tralo trámite de audiencia.<br>• Motivada, por escrito.<br>• Inclúe: feitos probados, atenuantes/agravantes, medidas correctoras, posibilidade e prazo para solicitar revisión ante CE da corrección.<br>• Esta resolución pon fin á vía administrativa e será inmediatamente EXECUTIVA.<br>• Contra a resolución da dirección cabo instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de 2 días lectivos (D 8/2015)/ 10 días lectivos (L 4/2011) desde a recepción da resolución, que poderá propoñer as medidas oportunas (non vinculante para a dirección).<br>• PRAZO RESOLUCIÓN: máximo de 1 día lectivo desde recepción da proposta do instrutor |
| **Notificación da resolución.** | • Á nai, pai, titor ou titora do alumno/a.<br>• PRAZO DO PROCEDEMENTO CON NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN: máximo 12 días lectivos desde que se coñeceron os feitos que deron lugar á incoación do procedemento |
| **Remisión da resolución.** | • Xefatura_Territorial |

| | |
|---|---|
| **Compromiso educativo.** | • Suspensión da aplicación das medidas correctoras adoptadas, se os proxenitores do alumnado corrixido asinan un COMPROMISO EDUCATIVO PARA A CONVIVENCIA.<br>• Pode realizarse en todos os casos de condutas contrarias á convivencia e cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa/s agraviada/s.<br>• Contido do compromiso educativo:<br>  ◦ Actuacións que se comprometen a realizar (formación para a convivencia, prevención e modificación conduta...) e forma de realización (persoalmente, con intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas... ).<br>  ◦ Mecanismos de comunicación e coordinación co centro<br>• En caso de incumprimento do compromiso, aplicaranse inmediatamente as medidas correctoras suspendidas . |
| **Prescrición das medidas correctoras** | • Medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais: prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.<br>• Medidas correctoras das condutas leves: prescriben aos catro meses da súa imposición. |

## 10. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia.

### 10.1. Composición.

A comisión de convivencia estará integrada polos seguintes membros:

- Representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar .
- Presidida polo director do centro
- Un dos persoas integrantes actuará como secretario e levantará a acta das súas reunións

Constituirase no seo do seu consello escolar. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

O nomeamento dos integrantes corresponde ao director por proposta dos colectivos representados.

Na súa composición rexerá o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

### 10.2. Funcións.

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG, 27/01/15), no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

Así, exercerá as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 10.3. Réxime de funcionamento

- Desenvolveranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada polo director por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.
- Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento da orientadora, do profesorado-titor relacionado co tema que se analice, do educador social do concello ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia

## 11. Mecanismos de coordinación e colaboración no centro.

É moi importante a coordinación e colaboración dos membros da comunidade educativa no desenvolvemento, seguimento e avaliación do PCV. Para isto, utilizaranse, con carácter xeral, as seguinte estruturas:

- Órganos de coordinación do centro: comisión de coordinación pedagóxica, equipos docentes e departamento de orientación.
- Órganos colexiados: claustro de profesores e consello escolar.
- Estruturas específicas de actuación para a convivencia escolar: comisión de convivencia.
- Reunións colectivas dos titores cos pais.
- Hora de atención aos pais.

Recolleranse as actuacións previstas para a consecución dos obxectivos nos órganos de coordinación, goberno, colexiados e equipos docentes.

En relación á coordinación e colaboración con outros centros ou organismos do contorno, o colexio por medio dos seus representantes, no ámbito das súas competencias, determinarán, en cada caso, as actuacións que correspondan.

## 12. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

O Plan de Convivencia forma parte do PEC do centro que, conforme ao establecido no artigo 121 da LOE"deberán facerse públicos co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa".

Así, o PCV estará publicado na web do centro e na secretaría á disposición de todos os membros da comunidade educativa, que serán asesorados e informados no colexio dos asuntos que sexan do seu interese, e difundirase a través dos órganos colexiados do centro onde se atopan representados todos os sectores.

É moi importante que os alumnos e pais coñezan adecuadamente o marco normativo do centro, os seus dereitos e deberes e as consecuencias do seu incumprimento, así como os recursos humanos e as estruturas organizativas ás que poden acudir no colexio cando o precisen. Os titores deberán informar aos seus grupos de todos estes extremos.

Como canles para a difusión, considéranse:

- Consello Escolar.
- Claustro de profesores.
- Titorías individuais e colectivas.
- Reunións con representantes da ANPA.
- Calquera outra colaboración con entidades públicas e privadas que queiran fomentar a convivencia e a cultura da paz

Como medios principais para levar a cabo a difusión:

- Reunións.
- Circulares e folletos
- Paneis informativos
- Difusión a través da páxina web do centro.
- Campañas informativas…

Ao longo do curso estableceranse dous momentos principais para incidir na difusión do plan de convivencia:

- A principio de curso, para informar da concreción anual do plan de convivencia, para establecer puntos de partida e obxectivos principais que se pretenden conseguir.

- A final de curso, como resumo de todo o que estea relacionado con plan de convivencia, establecendo as propostas de mellora para o curso seguinte e, no seu caso, a reformulación de obxectivos.

- En todo momento que, dentro da actividade normal do centro, poida aparecer unha circunstancia que motive e recorde o plan de convivencia vixente.

## 13. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Sabemos que a avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos. Só dende unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa sobre o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

O Plan de Convivencia debe ser un documento vivo, aberto a posibles rectificacións, ampliacións, modificacións, especificacións, etc.,

Para a avaliación do plan de convivencia, levaremos a cabo as seguintes accións:

- Recollida de datos ao final de cada curso, análise comparativa e valoración acerca do número de:
    - Partes de incidencias por disrupción.
    - Alumnos enviados á dependencia destinada ao tratamento do conflito e traballo individualizado.
    - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
    - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días.
    - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos.
    - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas.
    - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes.
    - Actos de indisciplina.
    - Actos de inxuria ou ofensas.
    - Agresións físicas contra os demais.
    - Danos causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
    - Roubos.
    - Pelexas.
    - Cambios de centro.

- Cumprimentación de cuestionarios para coñecer se se aplicaron as medidas e actuacións propostas e o grao de satisfacción da comunidade educativa co seu desenvolvemento.
- Análise dos equipos docentes e Departamento de Orientación do desenvolvemento das referidas medidas e da aplicación das correccións pertinentes. Avaliación ao final de curso e propostas de mellora.
- Análise da convivencia pola comisión de convivencia do colexio.

O proceso de avaliación coordinarao o equipo directivo, coa colaboración do orientador. No anexo recóllense os instrumentos de avaliación elaborados ao efecto.

# 14. ANEXOS e FICHAS

.

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## COMPROMISO DE APRENDIZAXE

**Alumno:**
**Clase:**
**Curso 20__-20__**

Dunha parte, o , CEIP Wenceslao F. Flórez, centro educativo de A Coruña,

Doutra parte, o alumno............................................ e os seus pais.........................................,

Recoñecéndose ambas as dúas partes a capacidade para adquirir compromisos que permitan cumprir os seus obxectivos por medio do presente contrato acordan os seguintes

**Compromisos.**

**O alumno:**
O meu comportamento no centro e o meu esforzo persoal cos estudios son as dúas condicións necesarias para aprender e obter un bo resultado este curso e por iso comprométome a:

1. Asistir diariamente ao centro e facelo con puntualidade
2. Asistir ao centro co material escolar necesario
3. Coidar o material propio, o dos compañeiros e o escolar.
4. Tratar con respecto compañeiros, profesorado e persoal non docente.
5. Elaborar e cumprir o horario de traballo semanal da tarde.

Coa axuda dos meus profesores fíxome os seguintes obxectivos académicos para o primeiro trimestre.

| Materias | Nota que me propoño conseguir |
|---|---|
| Matemáticas | |
| Lingua Castelá | |
| Lingua Galega | |
| Coñecemento do medio | |

| | |
|---|---|
| Educación Física | |
| Relixión | |
| Música e Danza | |
| Ed. Plásticas e Visual | |
| Ed. En Valores Cívicos e Éticos | |

**A familia:**

O éxito escolar de......................................... require unha dedicación especial e soamente co noso apoio e control constante, o noso fillo podes sacar o máximo rendemento ás súas capacidades, por iso, comprometémonos a:

- Garantir a asistencia diaria e puntual do noso fillo ao centro e comunicar ao colexio as faltas cando se vaian producir de forma xustificada.
- Facilitar ao noso fillo o material escolar necesario para seguir o curso.
- Revisar diariamente o **caderno de comunicación** para seguir as anotacións que se vaian escribindo, así como **a axenda** para revisar as tarefas.
- Garantir que o meu fillo teña un lugar para estudar así como que cumpra o compromiso de estudio dunha a dúas horas diarias
- Facer cumprir o horario de organización semanal, levando o control sobre a realización das tarefas diarias, estar informados dos exames para facilitar a súa preparación e revisar os exames cando se entreguen para que os asinemos.
- Atender as chamadas do centro e sempre que se considere necesario acudir ás entrevistas ou reunións que nos convoquen.
- Garantir hábitos saudables de alimentación, estudio, exercicio e descanso (polo menos 8 horas de sono).

**O colexio:**

Comprométese a establecer todas as medidas necesarias para garantir un bo ambiente de convivencia no centro, desenvolvidas a través do seu **modelo de xestión participativa da convivencia.**

Así mesmo, vai poñer en marcha todas as intervencións educativas e de atención á diversidade coas que conta para que o alumno.........................................poda alcanzar os seus obxectivos académicos.

Todas as medidas e intervencións se realizarán cunha actitude de colaboración conxunta coas familias, que beneficie aos principais protagonistas do proceso de aprendizaxe.

**Consecuencias ante o incumprimento.**

O incumprimento por parte dos alumnos dos **compromisos** relacionados coa convivencia levará consigo a aplicación dos protocolos establecidos polo centro e a realización dunha reunión conxunta (alumnos, familia, profesorado), para coordinar as accións e tomar as decisións oportunas.

O incumprimento dos **obxectivos académicos previstos** terá como consecuencia a realización dunha reunión conxunta (alumnos, familia, profesorado), para coordinar as accións e tomar as decisións oportunas.

| | | |
|---|---|---|
| Asdo. O alumno/ | Asdo. Padre/nai/titor legal. | Asdo. Representante do centro, segundo o caso. |

En A Coruña a...... de de 20____

## IMPRESO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN

(Entregar o xefe de estudios ou orientador)

Data:…………………………………………………………………………………………………………………………….

Solicitante da mediación

Nome:………………………………………………………………………………………………………………………….

☐ Director, Xefe de estudios ou compoñente do equipo directivo
☐ Orientador/a ou Coordinador/a do Servizo de mediación.
☐ Titor ou titora dalgunha das persoas en conflito
☐ Profesor ou profesora dalgunha das persoas en conflito
☐ Profesor ou profesora do centro educativo que coñece o conflito.
☐ Alumno ou alumna que forma parte do conflito
☐ Alumno ou alumna que coñece o conflito
☐ Padre ou nai dalgunha das persoas en conflito
☐ Padre ou nai que coñece o conflito
☐ Persoal de secretaría, conserxaría ou limpeza
☐ Outros (especificar):

Persoas en conflito:

Nome:

Alumno:

Curso:

Outros membros da comunidade educativa:

Nome:

Alumno:

Curso:

Outros membros da comunidade educativa:

Breve descrición do conflito:

## GUIÓN PARA A PREMEDIACIÓN

É a primeira toma de contacto coas persoas entre as que se mediará. Levarase a cabo con cada unha delas por separado, polo tanto, estará o mediador e cada un dos implicados no conflito

**Inicio - Presentacións**

¡ Ola!, chámome.............................................
Vou actuar de mediador entre ti e.................................para ver se podemos resolver este problema.
¿O teu nome é...? (*mirando á parte*)
**Notas**

**Abordar o problema - conflito**
Cóntame a túa visión do problema.
¿Hai alguén máis afectado por este problema? (*terceiras persoas*)
Todo o que ti comentes aquí será absolutamente confidencial.
Estou aquí para escoitarte, non che forzarei a resolver o teu problema, nin o resolverei por ti, xa que a verdadeira solución estará nas túas mans.
O único que se necesita é a túa boa vontade e a túa confianza.
Axudareite a atopar a solución ao teu problema, tendo en conta tanto as túas necesidades como as do teu compañeiro.
Pero, pero para iso ambos os dous ides ter que colaborar ¿estás disposto a facelo?
**Notas**

**Final - Despedida**
¿Estás de acordo en que sexa o mediador?
Se che parece quedamos para o........ás........... en.....................,
A sesión durará.............e teremos todos os encontros que sexan necesarios.
Agradezo a túa colaboración
**Notas**

## GUÍA DA SESIÓN DE MEDIACIÓN

### 1.PRESENTACIÓN E REGRAS

- Presentámonos, preguntámoslles o seu nome e dámoslles a benvida agradecendo a súa disposición.
- "Como sabedes, este proceso é voluntario. Tedes liberdade para abandonalo, aínda que vos pregamos que, se chega o caso, antes de facelo nos indiquedes as vosas razóns para iso".
- "Os mediadores non opinamos, nin xulgamos. A solución ao problema estableceredela vós, de común acordo. Nós trataremos de axudarvos, pero non decidiremos por vós".
- "Todo o aquí tratado é confidencial. Ninguén debe revelalo fora desta sesión".
- "Se finalmente chegades a un acordo, reflectirémolo por escrito e, pasado un tempo, poñerémonos en contacto convosco para ver como vai".
- "O acordo será elaborado por vós e ten que depender só da vosa actuación, non podedes comprometer outras persoas nin acordar algo en contra das normas".
- "Durante a mediación respectaremos as quendas de palabra, escoitaremos a outra persoa e falaremos sempre con corrección e respecto, sen levantar a voz".
- "Se nalgún momento os mediadores consideramos que o conflito existente NON é mediable, farémosvolo saber".
- "Debedes saber que se houbese situacións especialmente graves ou perigosas, teremos que poñelas en coñecemento dos profesores, equipo directivo, pais e/ou quen corresponda".
- "Se comprendestes o proceso, estades conformes e dispostos a elaborar e cumprir un acordo xusto e equilibrado, empezaremos a sesión".

Preguntar a A ¿Estás de acordo? Preguntar a B ¿Estás de acordo?

## 2. DESENVOLVEMENTO DA MEDIACIÓN

### Cóntame

| | |
|---|---|
| Expoñer a súa propia versión e expresar os seus sentimentos. | Escoitar atentamente, mostrar interese, clarificar, parafrasear, reflectir o sentimento, resumir... Aclarar os temas importantes do conflito. |
| Desafogarse e sentirse escoitado. | Non valorar, nin aconsellar, nin definir que é verdade ou mentira, nin o que é xusto ou inxusto. Apoiar o diálogo. Recoñecer os sentimentos e respectar os silencios. Resaltar os beneficios de resolver a situación |

### Aclarar o problema

| | |
|---|---|
| Identificar en que consiste o conflito e consensuar os temas máis importantes para as partes. | Asegurar un acordo sobre o que se vai tratar. Conseguir unha visión consensuada do conflito. Concretar os puntos que poden bloquear o conflito e avanzar cara a un acordo. Tratar primeiro os temas de máis doado arranxo. Dirixir o diálogo en termos de intereses, non de posicións. |

### Propoñer solucións

| | |
|---|---|
| Tratar cada tema e buscar posibles vías de arranxo. | ¿Que se vos ocorre que poderías facer para solucionar o problema? ¡ Non se avalía! ¿Que está disposta a facer cada parte? Resaltar os comentarios positivos dunha parte sobre a outra. Cada parte opina sobre as propostas. |

CEIP PLURILINGÜE
WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

**3. CHEGAR A UN ACORDO**

| | |
|---|---|
| Avaliar as propostas, vantaxes e dificultades de cada unha, e chegar a un acordo. | Definir claramente o acordo (equilibrado, claro, realista e simple, aceptable polas partes, específico, concreto e avaliable)<br>Redactar o acordo e asinalo.<br>Acordar o período de revisión. |

Recordarlles A CONFIDENCIALIDADE
Felicitalos POR CHEGAR A UN ACORDO

## REXISTRO DO PROCESO DE MEDIACIÓN

| | |
|---|---|
| **Mediador:** | |
| **Persoas implicadas:** | |
| **DATA:** | **Nº DE REXISTRO:** |

### 1. DETERMINACIÓN DO PROBLEMA: Cóntame

| PARTE A<br>Nome: | PARTE B<br>Nome: |
|---|---|
| | |

### 2. ACLARAR O PROBLEMA. O RESUMO

| PARTE A<br>Nome: | PARTE B<br>Nome: |
|---|---|
| | |

## 3. PROPOÑER SOLUCIÓNS

| PARTE A<br>Nome: | PARTE B<br>Nome: |
|---|---|
| | |

## 4. CHEGAR A UN ACORDO

| |
|---|
| |

## 5. CATEGORIZACIÓN DO CONFLITO

De relación / comunicación: rumores, confusión, malentendidos, interpretacións, agresións, loita, insultos.
De intereses / necesidades. Por recursos: ter, acceder, prestar: tempos, espazos, obxectos e pola actividade, traballo ou tarefas.
De identidade / valores: lealdade, honradez, competencia, individualismo, liberdade de expresión, xenerosidade, individualismo, responsabilidade.

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

De poder: liderado, dominio, manipulación, engano, intergrupais, falta de respecto, non acatar as normas.
De rendemento: desmotivación, falta de esforzo.

## 6. DATAS DE REVISIÓN DO ACORDO:

1. …………………………
2. …………………………
3. …………………………

## 7. DATA DE FINALIZACIÓN:

## REXISTRO DE ACORDO DE MEDIACIÓN

Dunha parte: ………………………………………………………………………………………

Doutra: …………………………………………………………………………………………………………………………….

Estamos de acordo en resolver o conflito e para que estes problemas non volvan suceder, comprometémonos a:

Revisaremos estes acordos no prazo de:

Comprometémonos así mesmo, a gardar a confidencialidade de todo o tratado.

A Coruña, a de de

Os afectados pola mediación:

Asdo.: Asdo.:

O mediador ou mediadores:

Asdo.: Asdo.:

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## PARTE DE INCIDENCIAS

| | |
|---|---|
| Profesor/a: | |
| Testemuñas: | |
| Alumno/a (apelidos e nome) | Curso e grupo: |

### MOTIVOS DO PARTE

☐ Agresión física ou psíquica contra algún membro da comunidade educativa.

☐ Inxurias e/ou ofensas graves contra algún membro da comunidade educativa.

☐ Ameazas e/ou coaccións contra algún membro da comunidade educativa.

☐ Discriminación contra algún membro da comunidade educativa.

☐ Actos de indisciplina.

☐ Dano nas instalacións do centro.

☐ Dano aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software.

☐ Dano aos bens doutros membros da comunidade educativa.

☐ Subtracción de bens do centro ou dalgún membro da comunidade educativa.

☐ Actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

☐ As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa.

☐ Portar obxectos, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa.

☐ Falta de asistencia inxustificada á clase.

☐ Faltas reiteradas de puntualidade.

☐ Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos ara participar activamente no desenvolvemento das clases.

| BREVE DESCRICIÓN DOS FEITOS: |
|---|
| |

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

| | MEDIDA APLICADA | Docente | Titor/a | Xef. estudos | Dirección |
|---|---|---|---|---|---|
| ☐ | Amoestación privada ou por escrito | X | X | X | X |
| ☐ | Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos | X | X | X | X |
| ☐ | Realización de traballos específicos en horario lectivo. | X | X | X | X |
| ☐ | Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. | | X | X | X |
| ☐ | Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias do centro por un período de ata dúas semanas | | | X | X |
| ☐ | Cambio de grupo por un período de ata unha semana | | | X | X |
| ☐ | Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballo que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | | | | X |
| ☐ | Suspensión do dereito de asistencia ao centro escolar por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballo que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. | | | | X |

| No caso de que a medida proposta non poda ser aplicada polo docente ou titor/a por non ter competencia en dita aplicación, argumentar a necesidade da aplicación desa medida. |
|---|
| |

A Coruña, ......... de ................................ de 202...

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

# COMUNICACIÓN DE INCIDENCIA

D/Dna...........................................................................................................................,pai/nai/titor/a do/da alumno/a..............................................................................
de..........................curso.

Doume por ENTERADO/A do incidente protagonizado polo meu/miña fillo/a que se describe como:
...................................................................................................................
....................................................................................................................
....................................................................................................................
....................................................................................................................
................................................................................................................e poñereime á maior brevidade posible en contacto co colexio para concertar unha entrevista co/a profesor/a.

A Coruña, a...........de..................de 20.....

(Sinatura do pai/nai/titor/a)

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## PARTE DE INCIDENCIAS

## ACTA DE REUNIÓN COA FAMILIA

Alumno/a: ………………………………………………………………………………………………………Curso: …………………………..

Data da reunión : ………………………………………………….. Hora: ……………………………………

Telefónica/Presencial (Subliñar o que proceda).

Persoas asistentes:
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
…………………………………………………………………………………………………………………………………………………..
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………

Orde do día:

2. Analizar a incidencia e as súas consecuencias.

Acordos:
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………………………………………
………………………………………………………………………………………………………………

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta.

En A Coruña, a ………………………… de …………………………………………… de 202…….

Asdo. Profesor, Xefe de Estudos, Director.

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## FICHA DE REFLEXIÓN

| | | |
|---|---|---|
| **DATOS DO PROFESOR QUE ENVÍA O ALUMNO** | | |
| Apelidos: | Nome: | |
| Materia: | Data: | |
| | | |
| **DATOS DO PROFESOR QUE REALIZA A ENTREVISTA** | | |
| Apelidos: | Nome: | |
| | | |
| **DATOS DO ALUMNO** | | |
| Apelidos: | Nome: | Curso: |
| ¿Que pasou?. ¿Como, como, e con quen pasou?<br>Conta os feitos como pasaron sen facer valoracións críticas | | |
| ¿Por que actuaches así? Causas da túa actuación. | | |
| ¿Como te sentiches? | | |
| ¿Como cres que se sentiron os demais? | | |

| |
|---|
| ¿Que consecuencias tiveron os teus actos? |
| ¿Que conseguín? ¿Mellorou a miña situación? |
| ¿De que outro xeito poderiades actuar? |
| ¿Podes facer algunha cousa para compensar o que fixeches e evitar que volva pasar? |
| COMPROMISO<br>Para mellorar a situación comprométome a: |

A Coruña, a de de 20____

(Sinatura do alumno)

## CUESTIONARIO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS PARA A PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA

Este cuestionario ten como finalidade axudar na avaliación das medidas e actuacións do plan de convivencia.
Cada profesor valorará as actuacións que desenvolve.
Deberá cumprirse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarase a orientadora.

| MEDIDAS-ACTUACIÓNS | SATISFACTORIA | NON SATISFACTORIA |
|---|---|---|
| Promoción das boas maneiras | | |
| Educación en valores e habilidades sociais | | |
| Grupos cooperativos | | |
| Uso de NNTT | | |
| Normas de aula | | |
| Asemblea de aula | | |
| Observadores da paz | | |
| Contratos individuais | | |
| Entrevistas individuais | | |
| Mediación | | |
| Actuacións ante disrupción | | |
| Actuacións ante o abuso/maltrato | | |

Propostas de mellora:

A Coruña,......... de........................ de 20....

Asdo:.

## VALORACIÓN DA CONVIVENCIA POR PARTE DO ALUMNADO (5º-6º)

Este cuestionario ten como finalidade saber a túa opinión acerca de como te sentes e relacionas no centro

Deberá cumprirse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarase o titor.

| | |
|---|---|
| Os alumnos participamos na resolución de conflitos | |
| Este curso comporteime correctamente cos meus profesores | |
| Este curso comporteime correctamente cos meus compañeiros | |
| Coidei e respectei as instalacións e o material do colexio | |
| Este curso estudei o necesario. | |
| Este colexio é un bo colexio | |
| Gustoume traballar na miña clase | |
| As miñas relacións cos compañeiros son boas | |
| Son puntual | |
| Participo nas actividades da clase | |
| Participo nas actividades do colexio | |
| Síntome seguro no colexio | |
| Os compañeiros respéctanme e eu a eles | |
| Todos os compañeiros colaboramos no traballo en grupo | |
| Coñezo as normas | |
| Cumpro as normas | |
| Estou contento na miña clase | |
| Resolvemos os problemas entre nós | |
| Síntome illado no colexio | |
| Síntome rexeitado polos meus compañeiros | |
| Algún compañeiro métese comigo | |
| Insúltanme con frecuencia | |
| Ameázanme | |
| Maltrátanme fisicamente | |
| Hai moitas pelexas no centro | |

**CEIP PLURILINGÜE**
**WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**
Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña
tfno. 881 96 03 00/02
ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha

## VALORACIÓN DAS MEDIDAS QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA (5º-6º)

Este cuestionario ten como finalidade saber a túa opinión acerca das actuacións para favorecer a convivencia nas que participas.
Deberá cumprirse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarase o titor.

| MEDIDAS-ACTUACIÓNS | SATISFACTORIA | NON SATISFACTORIA |
|---|---|---|
| Clases de educación en valores e habilidades sociais | | |
| Traballo en grupo | | |
| Traballo con ordenadores | | |
| Normas de aula | | |
| Asemblea de aula | | |
| Observadores da paz | | |
| Contratos individuais | | |
| Entrevistas individuais | | |
| Mediación | | |